


INFORME CERO

-

ANÁLISE PRELIMINAR PARA A
REVITALIZACIÓN DA LINGUA DE
SIGNOS GALEGA



Organización de Diversidade Sensorial de Galicia

Autores

Presidenta de XOGA
María Jesús Monterde García

Coordinador do Proxecto
José María Pazos Abad

Investigador principal
© ***Carlos Manuel Varela Ulla***

Novembro 2021

Presentación	4
Propósito do informe	5
O proxecto de XOGA	7
Cal é o estado actual da Lingua de Signos Galega?	8
Que é un estado da cuestión dun problema a investigar?.....	9
As preguntas necesarias	11
Algunhas claves do escenario actual	12
Conceptos básicos	13
Que é unha Lingua de Signos?.....	15
A comunidade xorda galega.....	18
Un dato para comprender	22
As organizacións das persoas xordas en Galicia e na provincia de Pontevedra	22
Outras iniciativas da sociedade civil destacadas.....	25
Claves normativas.....	26
Claves científicas. Referentes galegas	31
Conclusións e recomendacións	45
Bibliografía	48
Anexos	50
Anexo 1	51
Anexo 2	55

PRESENTACIÓN

Ofrecemos neste informe unha primeira visión do que é posible facer para revitalizar a nosa lingua de signos: a lingua de signos galega. O facemos desde a humildade pero tamén desde a convicción de saber que estamos nun camiño que sendo difícil, é unha obriga como cidadáns responsábeis e implicados socioculturalmente.

Para todos nós é un compromiso inescusable a defensa do noso patrimonio desde unha dobre perspectiva. Primeiro como persoas xordas, herdeiras dun pasado do que sentírnos orgullosas en canto que, en cada época tratouse de que as persoas que non oímos aprendéramos a escoitar doutra maneira, a entender o mundo á nosa maneira. E segundo, como galegos e galegas, orgullosos de ter unha cultura máis rica do que se aprecia, e na que as nosas linguas, o galego e o castelán, contan con dúas modalidades, unha *oral-auditiva* e outra *xestual-visual*, ambas merecedoras de todas as distincións e valoracións sociais.

Sabemos que a nosa contribución é unha máis, que precisa do apoio e o concerto de moitas das persoas especialistas e das institucións ao servizo de todos, que animadas neste reto seguro colaborarán en que os galegos e as galegas contan cunha Lingua de Signos Galega da que sentírnos orgullosos e orgullosas.

Agradecemos á Deputación de Pontevedra na que encontramos a especial sensibilidade e o apoio decidido da súa Deputada María Ortega Iñarrea e que gracias a ela, puidemos comezar estes traballos do que este informe é un pequeno primeiro paso.

Este esforzo en tempos de COVID foi satisfactorio e en moitos casos revelador do potencial que en Galicia temos para as linguas signadas.

Emitimos con este informe unha visión, que non é única, e que sempre é discutible, pero está asentada nas evidencias atopadas para que non se caia unha e outra vez en opinións infundadas que a ninguén favorecen e menos á comunidade de signantes galega.

Desde a responsabilidade, a humildade, a confianza no futuro presentamos a nosa visión do que se pode facer. Calquera opinión que mellore a nosa idea será sempre benvinda.

A revitalización da nosa Lingua de Signos Galega é cousa de todos e todas.

PROPÓSITO DO INFORME

En 2021 XOGA proponlle á Deputación de Pontevedra a posibilidade de deseñar un proceso para "revitalizar" a Lingua de Signos Galega (LSG) o que lle permitiría aos cidadáns xordos decidir en que lingua comunicarse.

As finalidades deste proxecto e as fases nas que nese primeiro momento se pensa que se axustan mellor as finalidades compartidas, son a base deste informe encargado por XOGA.

Pretendemos indagar sobre a situación actual da LSG e aportar coñecemento para o deseño dunha "folia de ruta" que axude á conseguir o que se pretende.

Este informe non é un informe académico, nin é unha comunicación dunha investigación científica. Pretende ser un instrumento ao servizo da toma de decisións para afrontar o reto de darlle sentido á LSG, e transformar a realidade actual da mesma, tal e como entende XOGA e a Deputación de Pontevedra que se podería facer.

Trataremos de expor a nosa proposta nunha linguaxe clara, sinxela pero sen perder a importancia das ideas que son necesarias para o que se nos encarga, que era a:

Elaboración dun informe preliminar, de carácter prospectivo que sirva para valorar inicialmente os traballos necesarios para a revitalización dunha lingua de signos galega.

Queríase iniciar un traballo que permitira ter unha argumentación para deseñar un proxecto para consolidación e fortalecemento da LSG. Resultado da análise bibliográfica inicial observamos que hai moito máis avanzado sobre a LSG que o descrito desde un principio, fundamentados na perspectiva que XOGA aportou inicialmente.

Sendo escasa a investigación sobre este tema, a importancia das investigacións realizadas teñen moito valor para as finalidades buscadas.

Anticipamos, xa desde o inicio deste informe, e en contra de voces do propio sector, que non fai falta crear a LSG, porque esta xa existe.

Esta realidade, constatada pola comunidade científica consultada, ofrécenos para a consecución do proxecto previsto unha vantaxe inesperada que permitirá aforrar tempos e recursos.

Con isto propoñemos o proxecto permitindo así avanzar fases e acelerar na consecución do interese da Deputación e XOGA.

Nunha reunión coa dirección de XOGA, e tras unha reflexión compartida decidimos reformular o propósito deste informe "cero" sen perder a esencia do proxecto presentado á Deputación, do seguinte xeito:

Elaboración dun informe preliminar de carácter proxectivo, que sirva para valorar inicialmente os traballos necesarios para o recoñecemento e revitalización da lingua de signos galega.

Este primeiro informe tratará de describir a situación actual da LSG. Nun principio deseñada a metodoloxía contando coa participación da comunidade xorda, da man da propia XOGA, e de distintos profesionais da tradución e interpretación das Linguas de Signos (LS) e por suposto co especial protagonismo da comunidade científica, veuse afectada polas normas e limitacións gobernativas para evitar a COVID-19.

Así pois, o noso papel ten un carácter indagativo, exploratorio, recopilatorio nesta primeira fase, do que poderíamos establecer as claves do estado actual da LSG e por outro un carácter propositivo ofrecendo as primeiras recomendacións para axustar o proxecto inicial e transformalo nun proxecto institucional para acadar o recoñecemento da LSG no prazo máis breve posible.

O PROXECTO DE XOGA

XOGA propón en 2021 á Deputación de Pontevedra, iniciar os traballos para acadar o recoñecemento social e a utilidade real da LSG. Deseña un proxecto que presenta á Deputación de Pontevedra onde define os obxectivos do seguinte xeito:

Obxectivo xeral

Dotar de significación á Lingua de Signos Galega como lingua vehicular da poboación xorda e xordocega da provincia de Pontevedra e, por ende, da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dun estudo estruturado de carácter interdisciplinar de diferentes expertose expertas.

Obxectivos específicos

Revisar a documentación existente ao respecto a abrir novas liñas e investigación sobre as áreas propostas para este proxecto.

Para acadar estas finalidades XOGA propón unha organización dos traballos previstos co seguinte horizonte temporal:

Táboa 1

Proxecto de XOGA presentado á Deputación de Pontevedra

TEMPORALIZACIÓN						
	2021		2022			2023
Deseño do programa	X					
Contactos con expertas/os I	X					
Investigación de campo I		X	X	X	X	
Análise da documentación existente	X	X	X			
Avaliación da etapa		X	X			
Publicación dos resultados "cero"		X	X	X		
Contactos con expertas/os II			X	X	X	
Investigación de Campo II			X	X	X	
Avaliación de etapa			X		X	X
Publicación final						X

O desenvolvemento pois desta iniciativa ten unha duración prevista de **3 anos** dedicados á investigación sobre a LSG.

XOGA encárganos desenvolver o obxectivo específico correspondente ao ano 2021 e *analizar a situación actual da LSG en canto ao seu desenvolvemento* científico e propoñer as medidas que consideremos para "a súa posta en uso". Trátase pois de realizar unha análise documental que nos permita comprender o estado da cuestión sobre a Lingua de Signos Galega a respecto das intencións compartidas da Deputación de Pontevedra e XOGA.

CAL É O ESTADO ACTUAL DA LINGUA DE SIGNOS GALEGA?

Esta é a primeira cuestión relevante que enfoca este informe. Queremos saber como está a Lingua de Signos **"Galega"**(LSG).

As conversas previas ao estudio da cuestión, fixéronos deducir que a LSG ou ben *"non existía como tal"* ou ben era un *"conxunto de signos autóctonos galegos dispersos e de escaso usosocial"*. E sendo estas afirmacións infundadas, sen máis sustento que as opinións e o coñecementos dos nosos primeiros interlocutores que usan a lingua de signos para comunicarse, interpretar e/ou para mediar profesionalmente na comunicación entre persoas xordas e non xordas, teñen algo de certo.

Está claro que para a comunidade xorda galega (CXG), como para calquera comunidade de persoas xordas, a súa lingua é un factor fundamental de creación e mantemento dunha identidade como comunidade diferenciada e culturalmente identificada. Farían falta estudos sociolingüísticos e sociopedagóxicos en profundidade do que acontece en Galicia, pero aprender unha lingua signada, nun contorno oral bilingüe fai que se creen identidades que no mellor dos casos son compatibles coa mesma construción das identidades das persoas non xordas. Polo tanto á comunidade xorda aféctalle o problema das linguas (orais) do seu contorno e se lles suma a singularidade das linguas signadas que lle son propias.

Antes de aproximarnos ao estado da cuestión sobre a LSG, permítasenos sinalar un fenómeno moi frecuente nas ciencias sociais e moi prexudicial cando se pretende, entre outras, tomar decisións o máis acertadas posibles. Falamos da *opinionitis*.

A opinionitis tal e como a definira Lucien Morin "enténdese como a emisión dunha opinión nun ámbito no que non se é experto, defendéndoa coa mesma firmeza coa que se defenderían as opinións que emitimos como expertos, pero sen o rigor probatorio das mesmas" (Morin, 1975, citado en Touriñán, 2016, p. 21). A pouco que se observe, comprobamos que en moitos ámbitos, incluído o científico (ou *"paracientífico"*) hai supostos expertos e expertas que manifestan as súas "verdades", negando as dos demais e sobre todo, desde a falta de coñecemento científico específico, que é o único capaz de achegarse ao coñecemento da realidade tal e como se nos presenta.

E comentamos isto, porque durante toda a intensa etapa de análise e conversas sobre a LSG o fenómeno da opi-

nionitis estivo presente con máis ou menos intensidade, o que fixo desbotar moitas opinións non científicas que producían moita confusión. Non queremos afirmar que eran malintencionadas pero si infundadas e que de ser tomadas en serio, desvirtuarían os pasos de futuro sobre os que hai que decidir.

Desde esta primeiro encargo feito por XOGA co apoio da Deputación de Pontevedra, iniciamos a primeira parte deste informe, que é un elemental estado da cuestión da Lingua de Signos Galega, fundamentado na análise e interpretación da bibliografía de referencia.

Que é un estado da cuestión dun problema a investigar?

Calquera investigación, científica ou non, debe partir dunha análise sobre o estado do tema que se investiga. Ningún ou case ningún tema é novidoso para as ciencias. Uns foron máis desenvolvidos que outros pero sempre hai coñecemento previo do que partir e sobre o cal construír novo coñecemento.


Seguindo a Ballestín e Fábregues (2018) inferimos que unha parte fundamental de calquera estado da cuestión é a análise documental. Este ofreceranos unha aproximación ao coñecemento xa creado e ao grado de desenvolvemento científico sobre as cuestións que nos interesan.

Aínda que este “informe” non é produto dunha investigación científica como tal, si usamosos parámetros destas para responder aos obxectivos propostos. Obviamente non será nunca unha resposta única, pechada, concluínte, senón que será un instrumento que permita ir avanzando nos propósitos concordantes de XOGA e a Deputación de Pontevedra.

Din estes autores que “damos por sentado que toda la literatura que usaremos para elaborar el marco teórico tiene una naturaleza científica, es decir, procede de fuentes con una metodología rigurosa, ya sea de investigación directa, ya sea de análisis de fuentes primarias; ...” (Ballestín e Fábregues, 2018, p. 66). Polo tanto excluímos, aínda que valoramos, calquera literatura non científica sobre a LSG para conformar unha opinión o máis global posible que nos sexa de utilidade.

Ballestín e Fábregues (2018) interpretando o manual de *Quivy y Campenhoudt* sobre a metodoloxía en ciencias sociais estruturan unha serie de principios para establecer un estado da cuestión e un marco teórico, que resumimos no seguinte esquema:


Figura 1
 Como se selecciona a bibliografía?



Nota. Adaptado de Ballestín e Fábregues, 2018, pp. 67-69

Desde este posicionamento a nosa estratexia foi a seguinte:

Figura 2
Esquema de análise para confeccionar o informe



Nota. Elaboración propia

O achegamento inicial do que é a LSG, tivo por obxecto familiarizarse cos conceptos principais que manexa a comunidade xorda de referencia (XOGA) e introducirse no ámbito científico específico de maneira global. De aí pasamos á realizarnos e tratar unha serie de cuestións iniciais que deron paso á "investigación bibliográfica", procedemento que está sempre aberto, que é difícil de pechar, e que permite encadrar e focalizar a análise para este informe. Por último realizamos unha sinxela análise bibliométrica que nos permitira saber cal é "o grado de produción" de coñecemento sobre a LSG.

As preguntas necesarias

Na redacción das preguntas, baseámonos nas reflexións conxuntas coa coordinación designada por XOGA logo das lecturas iniciais da bibliografía obtida nas bases de datos de uso científico.

De entre todas destacamos as cuestións que consideramos máis importantes, advertindo que este é sempre un exercicio incompleto, aberto e reformulable. Invitamos aos responsábeis do proxecto a seguir este camiño, pois nel están as claves do éxito pretendido.

EXISTE A LSG?
 CAL É O SEU ESTADO ACTUAL?
 QUEN A USA?
 QUEN A ESTUDA?

 QUE É UNHA LINGUA DE SIGNOS?
 QUEN AS DEFINE?
 QUEN AS USA?
 DE QUEN SON?
 CAL É O PAPEL DA CIENCIA?
 INVESTÍGASE SOBRE A LS (LSE, LSG E OUTRAS) EN GALICIA?

 QUEN CONFORMA A COMUNIDADE SIGNANTE?
 CANTAS PERSOAS CON XORDEIRA HAI EN GALICIA?
 CON QUEN SE COMUNICAN HABITUALMENTE?
 CANTAS DESTAS PERSOAS EMPREGAN UNHA LINGUA SIGNADA?
 ONDE ESTÁN?
 COMO SE ORGANIZAN?

 QUE DEMANDAN?
 COMO VALORAN A LS?

 EN GALICIA ESTÁ RECOÑECIDA A LS? CAL?
 CAL É O EFECTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO USO ÚNICO DA LSE? CAL É O PAPEL
 DA ADMINISTRACIÓN NA DEFENSA DA LSG?

 QUE PROXECTO DE FUTURO PODE POR EN MARCHA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
 AO RESPECTO DA LSG?
 COMO SE PODE ORGANIZAR CON CRITERIOS DE EFICIENCIA?
 QUEN PODE/DEBE PARTICIPAR DEL?
 CANTO CUSTARÍA? QUEN O PODE/DEBE FINANCIAR?
 CANDO SE TERÍAN RESULTADOS APLICABLES?

 ...

Desde estas preguntas, formuladas con sinxeleza, deseñamos os *descriptores básicos* para buscar a bibliografía científica sobre a LSG que serviron de guía en todas as actuacións realizadas, sempre en concordancia cos obxectivos que orientan este traballo e o proxecto que o sustenta.

Do traballo de lectura, comprensión, interpretación e crítica da bibliografía seleccionada obtivemos as ideas e contidos que se aportan neste informe.

ALGUNHAS CLAVES DO ESCENARIO ACTUAL

Cando falamos de linguas, no contexto das persoas xordas, falamos de comunicación. Basicamente hai dúas perspectivas cando falamos das linguas de signos e a conceptualización da xordeira. Seguindo a Cabeza e Eijo (2018, p.30) podemos observar dous modelos que se contraponen nas medidas derivadas. Un modelo, o da discapacidade, onde se toma como referencia as persoas oíntes como "normais", modelo este que predominou na sociedade ata ben iniciado o século XXI. Por outro lado hai outro modelo, o de tipo antropolóxico e sociolingüístico no que focaliza a forza identitaria cultural e de dereitos cívicos.

As persoas xordas son unha *minoría*, a maior das veces *minorizada*, da cal a maioría das persoas oíntes descoñece os importantes retos que a diario afrontan para exercer os seus dereitos coma cidadáns en igualdade desde a diversidade propia dunha sociedade avanzada como da que presumimos pertencer e construír.

Pensem por un momento o que supón ir a facer actividades propias da vida cotiá, por exemplo "*ir á compra*". Nesta situación moitas das persoas xordas, que saben ler superan este reto con aparente "normalidade". A situación complícase si teñen que pedir algo específico. Así o que é cotiá para as persoas non xordas é máis complexo para as persoas xordas. Moitas van aos seus traballos, que polo xeral non requiren de habilidades auditivas específicas e o desenvolven con normalidade. Pero e si hai que negociar unha mellora laboral? Como o fan? Con que "instrumentos sociais" contan? O seu contorno laboral "fala" a lingua de signos? E así xorden infinidade de *cuestións sociais e cívicas* con difícil resposta en calquera dos ámbitos nos que nos fixemos.

Imaxinemos ter que "*ir ao médico*". Aínda que en moitos centros de saúde poderíase contar con mediadores/intérpretes en LS (*española*) o certo é que o problema non é menor, xa que xuntamos saúde e exclusión por causa da xordeira. Como fai un médico para transmitir un diagnóstico a unha persoa xorda? Como fai unha persoa xorda para explicar a súa doenza a un médico non signante?

Hai esferas da vida nas que esta situación de imposibilidade de comunicarse para manter relacións sociais é tan complexa como necesaria. Un dos ámbitos máis destacables, polo de indicador de calidade de vida se lle presupón, é o ocio e o tempo libre, ese tempo non laboral. Imaxinemos unha oferta de ocio que non precisase da linguaxe oral.

Difícil verdade? Pois as persoas xordas galegas tamén teñen dereito a un ocio de calidade e a usar o seu tempo libre sen atrancos.

Con todo podemos enfocar a cuestión da lingua de signos como o que de verdade é: *un modo de comunicación humana* e como tal debера ser tratada. Certo é que é unha linguamaiormente empregada por persoas xordas o cal fixo que nesta análise preliminar confundirase “lingua de signos” con “lingua de xordos” e xurdira a cuestión fundamental: *de quen son as linguas?* Resposta que non nos corresponde dar a nós, pero que entendemos que as linguas, como fundamento cultural, son de todos e de cada un dos cidadáns que accedan a elas a través dos mecanismos sociais dispostos para elo, entre os que destaca o Sistema de Ensino de cada sociedade. Son o principal patrimonio cultural dunha sociedade culturalmente identificada polas súas linguas ao longo da Historia.

Para introducirmos no noso tema é necesario dominar unha serie de conceptos básicos sobre as Linguas de Signos. Hai que recoñecer quen son as organizacións das persoas xordas presentes no noso territorio e valorar o seu papel ao respecto da LSG; coñecer as bases normativas que protexen as LS en España e identificar aos referentes científicos que traballan ou poden traballar na investigacións sobre a LSG que de seguido pasamos a sintetizar con maior ou menor acerto, para este informe.

Conceptos básicos

Achegarse á Lingua de Signos Galega require combinar o recoñecemento da súa historia coma lingua xurdida en Galicia, cunha “*singular historia sociolingüística*” (en palabras¹ da profesora especializada en linguas de signos da Universidade de Vigo: Carmen Cabeza Pereiro) eos coñecementos básicos do que son estas linguas signadas.

Anticipamos xa que na historia das LS en España hai una antes e un despois da promulgación da *Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñece as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas* (Lei 27/2007). Desde ela, recoñécense as Linguas de Signos Españolas (LSEs) e impúlsase prioritariamente o uso da Lingua de Signos Española (LSE) como lingua que debe predominar no estado español, e a cal se lle prestan recursos institucionais que non disfrutan outras Linguas de Signos.

Entre as aportacións útiles desta lei están as definicións recollidas, que clarifica e homoxeneizan, os conceptos a ter en conta cando tratamos as LS desde o punto de vista social e sen caer en tecnicismos propios de cada disciplina do coñecemento.

Así e aos efectos deste informe, empregamos o *artigo 4 da lei 27/2007*, que aquí transcribimos:

1 Entrevista realizada o 30 de setembro de 2021, no seu despacho da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

- a) **Lingua de signos:** Son as linguas ou sistemas lingüísticos de carácter visual, espacial, xestual e manual en cuxa conformación interveñen factores históricos, culturais, lingüísticos e sociais, utilizadas tradicionalmente como linguas polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas signantes en España
- b) **Lingua oral:** Son as linguas ou sistemas lingüísticos correspondentes ás linguas recoñecidas oficialmente na Constitución Española e, para os seus respectivos ámbitos territoriais, nos Estatutos de Autonomía, utilizada como lingua polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas oralistas en España.
- c) **Medios de apoio á comunicación oral:** son aqueles códigos e medios de comunicación, así como os recursos tecnolóxicos e axudas técnicas usados polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas que facilitan o acceso á expresión verbal e escrita da lingua oral, favorecendo unha comunicación coa contorna máis plena.
- d) **Persoas xordas ou con discapacidade auditiva:** Son aquelas persoas a quen se lles recoñeceu por tal motivo, un grado de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento, que atopan na súa vida cotiá barreiras de comunicación ou que, no caso de superalas, requiren medios e apoios para a súa realización.
- e) **Persoas con xordocegueira:** Son aquelas persoas cunha deterioración combinada da vista e o oído que dificulta o seu acceso á información, á comunicación e á mobilidade. Esta discapacidade afecta gravemente as habilidades diarias necesarias para unha vida mínimamente autónoma, require servizos especializados, persoal especificamente formado para a súa atención e métodos especiais de comunicación.
- f) **Usuario ou usuaria dunha lingua:** É aquela persoa que utiliza unha determinada lingua para comunicarse coa contorna. Aquelas persoas que son usuarias de dúas linguas son consideradas como bilingües.
- g) **Usuario ou usuaria da lingua de signos:** É aquela persoa que utiliza a lingua de signos para comunicarse.
- h) **Usuario ou usuaria de medios de apoio á comunicación oral:** aquela persoa xorda, con discapacidade auditiva e xordocega que precisa de medios de apoio á comunicación oral para acceder á información e á comunicación na contorna social.
- i) **Intérprete de lingua de signos:** Profesional que interpreta e traduce a información da lingua de signos á lingua oral e escrita e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, que sexan usuarias desta lingua, e a súa contorna social.
- j) **Guía-intérprete:** Profesional que desempeña a función de intérprete e guía da persoa xordocega, realizando as adaptacións necesarias, servíndolle de nexo coa contorna e facilitando a súa participación en igualdade de condicións.
- k) **Educación bilingüe:** Proxecto educativo no que o proceso de ensino-aprendizaxe leva a cabo nunha contorna no que coexisten dous ou máis linguas que se utilizan como linguas vehiculares. No caso das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas referirase ás linguas orais recoñecidas oficialmente e as linguas de signos españolas.
- l) **Logopeda e Mestre/a Especialista en audición e linguaxe:** Profesionais especializados en sistemas alternativos e/ou sistemas aumentativos de apoio á comunicación oral, que estimulan e facilitan o desenvolvemento da mesma.

Que é unha Lingua de Signos?

Dinos a profesora Cabeza Pereiro (2020, p. 15) que “la comunicación humana es multimodal” o que supón que hai unha comunicación *oral-auditiva* e outra *xestual-visual*. Entre ámbalas dúas modalidades hai características comúns e outras claramente diferenciadoras. Entre elas destaca esta investigadora das linguas de signos da Universidade de Vigo, as seguintes (Cabeza, 2020, pp. 17-18):

- a) Separación dos órganos de produción e recepción.
- b) Carácter secundario da produción lingüística con respecto a outras funcións.
- c) Falta de homoxeneidade entre a capacidade produtiva e a receptiva.
- d) Acomodación da produción ás posibilidades da recepción.

Deducimos do seu texto *Fundamentos de las Lenguas de Signos* (2020), e corroboramos pola experiencia vivida no desenvolvemento deste informe inicial, que “las lenguas de signos son todavía poco conocidas” (p.19). Así, e sen entrar na máis pura investigación lingüística, calquera pode preguntar a persoas oíntes que pensan ou que saben das LS. Moitas das respostas serán sen dúbida que se creen que “as LS son iguais para todas as persoas xordas do mundo”, unha especie de “esperanto signante”, e se sorprenden cando se lles comenta que hai LS inglesa, francesa, portuguesa, españolas, catalá, etcétera. Ou como argumenta Velázquez Velázquez (2010), dando a entender que non hai ninguén que aposte por unha única lingua universal (xa sexa o esperanto ou o inglés) e coincidimos con ela cando afirma que “No existe una lengua oral universal que sea natural; del mismo modo que no existe una lengua de signos universal que sea natural” (p. 249).

En España, o interese científico polas LS emerxe timidamente nos anos 90 cos traballos de Álvaro Marchesi, catedrático de psicoloxía evolutiva e principal responsable governamental do deseño educativo da LOXSE; e destaca a primeira tese sobre este tema realizada pola doutora M^a Ángeles Rodríguez González titulada “*Aportación al estudio del lenguaje gestual del sordomudo en relación con las estructuras lingüísticas del español*”, a cal non tivemos acceso nestes meses.

Significa isto que estamos ante un fenómeno recentemente investigado no noso contexto científico, con non máis de 40 anos de traballos publicados.

En Galicia este interese é máis recente. Destaca pola súa capacidade integradora a tese realizada pola doutora Cristina González Abelaira defendida en 2018 na Universidade de Santiago de Compostela baixo o título:

“Planificación lingüística de la lengua de signos en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Galicia: perspectivas histórica y émica”.

Esta tese e os artigos derivados ou relacionados con ela marcan un fito histórico no estudo da LSG, así como a súa autora, que debe ser unha protagonista determinante na consecución dos obxectivos do proxecto que impulsa XOGA.

A profesora Cabeza, na obra anteriormente citada, indica que en España o termo máis usado é o de lingua de signos, fronte ao empregado polos lingüistas latinoamericanos: “*lengua de señas*”; e advirte non confundir ambas co concepto de “*linguas xestuais*”. Sendo este tipo de debates propios da ciencia da Lingüística, remítenos (e por iso nós a usamos) ao artigo 4º da Lei 27/2007, anteriormente transcrito, onde define a LS coma:

a) Lingua de signos: Son as linguas ou sistemas lingüísticos de carácter visual, espacial, xestual e manual en cuxa conformación interveñen factores históricos, culturais, lingüísticos e sociais, utilizadas tradicionalmente como linguas polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas signantes en España.

E esta definición é importante para comprender o valor social desta lingua, que transcende como case todos os especialista concordan, en deixar de ser un instrumento compensatorio da falta de audición (modelo da discapacidade) para ser o que é, unha lingua como as demais (modelo antropolóxico).

Así pois é, ao noso entender, un valiosísimo patrimonio cultural de todas as persoas, non sendo exclusivo de ningunha comunidade concreta. Certo que é usada case en exclusiva por persoas xordas e xordocegas, as súas familias, os intérpretes e a comunidade científica que se encarga das investigacións sobre elas, pero como se pode apreciar xa en toda a literatura científica, especialmente desde a promulgación da lei 27/2007, xa non se fala da *lingua de xordos*, senón de *linguas de signos* e/ou de linguas signadas.

A profesora Cabeza aporta a data de 2020, o seguinte listado de Linguas de Signos de carácter nacional, recoñecidas e protexidas polos distintos países e aclara que as “*linguas de signos suelen citarse con la abreviatura de su nombre*” (2020, p.13).

Táboa 2
Linguas de signos recoñecidas

ABSL:	Al-Sayyid Bedouin Sign Language (sur de Israel)
AISL:	Australian Irish Sign Language (Australia)
ArSL:	Pan-Arab Sign Language (países da Liga Árabe)
ASL:	American Sign Language (EUA e rexións anglófonas de Canadá)
AUSLAN:	Australian Sign Language (Australia)
BIM:	Bahasa Isyarat Malaysia (Malasia)
BSL:	British Sign Language (Reino Unido)
CBDSL:	Cambodian Sign Language (Camboia)
DGS:	Deutsche Gebärdensprache (Alemania)
DSGS:	Deutschschweizerische Gebärdensprache (Suiza alemana)

DTS:	Dansk tegnsprog (Dinamarca)
ESL:	Eritrean Sign Language o Quwanquwa Milikkit Eritra (Eritrea)
GSL:	Greek Sign Language o Eliniki Nomatiki Glossa (Grecia)
HKSL:	Hong Kong Sign Language (Hong Kong)
HSL:	Hausa Sign Language o Maganar Hannu (norte de Nigeria)
HZJ:	Hrvatski Znakovni Jezik (Croacia)
IPSL:	Indo-Pakistani Sign Language (India e Pakistán)
ISL:	Israel Sign Language (Israel)
IrSL:	Irish Sign Language (Irlanda)
KK:	Kata Kolok (Bali)
KSL:	Kenyan Sign Language o Lugha ya Ishara ya (Kenya)
LIBRAS:	Língua Brasileira de Sinais (Brasil)
LIS:	Lingua Italiana dei Segni (Italia)
LSA:	Lengua de Señas Argentina (Argentina)
LSC:	Llengua de Signes Catalana (Cataluña)
LSE:	Lengua de Signos Española (España)
LSF:	Langue des Signes Française (Francia)
LSFB:	Langue des Signes de Belgique Francophone (Sur de Bélxica)
LSFin:	Lengua de Signos Finesa o Suomalainen Viittomakieli (Finlandia)
LSM:	Lengua de Signos Mexicana (México)
LSN:	Lengua de Señas Nicaragüense (Nicaragua)
LSQ:	Langue des Signes québécoise (provincia de Quebec, Canadá)
NGT:	Nederlandse Gebarentaal (Países Baixos)
NS:	Nihon Shuwa (Xapón)
NTS:	Norsk Tegnsprak (Noruega)
NZSL:	New Zealand Sign Language (Nova Zelanda)
ÖGT:	Österreichische Gebärentaal (Austria)
RSL:	Rusian Sign Language (Rusia)
SASL:	South Africa Sign Language (Sudáfrica)
SIS:	Sistema Internacional de Signos (emprégase para a comunicación internacional. Non se considera unha lingua)
STS:	Svenska Teckenspraket (Suecia)
THAISL:	Thai Sign Language (Tailandia)
TID:	Türk Isaret Dili (Turquía)
TTSL:	Trinidad and Tobago Sign Language (Trinidad e Tobago)
VGT:	Vlaamse Gebarentaal (Norte de Bélxica)

Fonte: Cabeza Pereiro (2020, pp. 13-14). Tradución propia

O valor deste listado, con 44 linguas de signos, evidencia a falsa idea da unicidade da LS. Cada cultura, cada sociedade ou comunidade con identidade cultural, desenvolve a súa

propia lingua signada, nun proceso semellante ao das linguas orais, coas que comparte as problemáticas propias da súa evolución e do contacto no mesmo territorio con outras linguas con maior ou menor peso nas comunidades de falantes/signantes. Este listado de por si é a demostración de que poden existir e existen distintas Linguas de Signos, en función dos distintos e diversos contextos sociolingüísticos e culturais.

A pregunta lóxica chegados a este punto é *si existe ou non unha lingua signada propia de Galicia*. A resposta a esta cuestión a atopamos cando lles preguntamos directamente ás investigadoras especialistas que se encargan do seu estudio e é que ***SI existe a LSG***.

A comunidade xorda galega

Recoñecemos aquí, que neste tempo inicial para analizar o estado da cuestión atopámonos un dato cuantitativo que se pretende clarificador sobre quen, onde se localizan e cantas persoas conforman a comunidade xorda en Galicia (CXG). E si este dato é a cerna da motivación última do proxecto para a LSG, o problema da falta dos mesmos, agrándase se estendemos a nosa finalidade ao total da "comunidade signante".

Podemos realizar estimacións, pero só serán meras aproximacións aos destinatarios principais, que non últimos, do proxecto que promoven XOGA e a Deputación de Pontevedra.

Necesitamos contar cunha fonte fiable, cun dato realista, cunha magnitude aínda que sexa aproximada sirva para saber a quen destinamos o noso proxecto.

A única fonte "fiable", por ser governamental, é a que ofrece a Consellaría de Política Social a través do Censo de Persoas con Discapacidade². Para 2020 ofrece os seguintes datos:

- Datos xerais do Censo de Persoas con discapacidade 2020 (Formato ODS)
- Distribución por grado, sexo, tipoloxía de discapacidade e provincia do Censo de Persoas con discapacidade 2020 (Formato ODS)
- Distribución de persoas con discapacidade por concellos 2020 (Formato ODS)

A característica deste censo é que só rexistra ás persoas con polo menos unha discapacidade "recoñecida" igual ou superior ao 33%, en función dos criterios establecidos na normativa vixente. Polo tanto é un dato incompleto pero ten o seu valor referencial.

2 <https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade/censo-de-persoas-con-discapacidade>

A xordeira e a xordocegueira están clasificadas como *discapacidades sensoriais “auditivas”*. Advirten que os datos representan á discapacidade e non ao número de persoas, xa que unha mesma persoa pode presentar máis dunha discapacidade como por exemplo a xordocegueira.

Sen ánimo dunha análise en profundidade dos datos tomados como referencia a 31 de decembro de 2020, quere-mos comentar o seguinte das seguintes táboas do Censo, en particular ao que sucede na provincia de Pontevedra:

Táboa 3
 Persoas con discapacidade en Galicia

PROVINCIA	FISICA	INTELECTUAL	SENSORIAL	E. RARA	E.MENTAL
A Coruña	74.245	16.804	18.600	105	23.143
Lugo	17.038	5.336	5.729	29	6.067
Ourense	18.183	4.309	4.654	30	6.183
Pontevedra	71.615	14.122	17.799	84	24.474
Total Galicia	181.081	40.571	46.782	248	59.867
Total persoas con discapacidade de Galicia					328.549

En Galicia hai polo menos 328.549 persoas con discapacidade, dun padrón de 2.694.245 persoas³. Isto representa ao 12,19% da poboación galega. As persoas con discapacidade sensorial (46.782) representan ao 14,24% do total das persoas con discapacidade galegas.

Na provincia de Pontevedra hai 17.799 persoas con discapacidade sensorial, sendo co 38,05% é a segunda provincia detrás da de Coruña con máis persoas con este tipo de discapacidade.

Táboa 4
 Distribución provincial da discapacidade

1. Distribución provincial e por sexo da poboación valorada e de poboación con discapacidade

Provincia	Poboación valorada (1)			Poboación con discapacidade (2)		
	Homes	Mulle-res	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	67.891	72.871	140.762	45.334	49.830	95.164
Lugo	17.596	16.711	34.307	11.578	11.136	22.714
Ourense	20.568	19.569	40.137	14.350	14.054	28.404
Pontevedra	59.345	61.755	121.100	44.584	47.796	92.380
TOTAL	165.400	170.906	336.306	115.846	122.816	238.662

(1) N° de persoas que foron valoradas.

(2) N° de persoas cun grado de discapacidade \geq 33%



Na provincia de Pontevedra valoráronse a 121.100 persoas, das cales 92.380 (76,28%) obtiveron o recoñecemento da súa discapacidade igual ou maior ao 33%. Do total de persoas condiscapacidade que solicitaron a súa valoración o 51% son mulleres e o 49% son homes. Esta porcentaxe mantense despois da valoración.

Táboa 5
Distribución por sexo e grupos de idade

2. Distribución por grupos de idade e sexo da poboación con discapacidade

Idades	Poboación con discapacidade		
	Homes	Mulleres	Total
« 6 anos	1.211	531	1.742
De 7 a 15 anos	3.947	1.892	5.839
De 16 a 29 anos	5.437	3.557	8.994
De 30 a 49 anos	19.591	15.606	35.197
De 50 a 64 anos	31.462	28.497	59.959
De 65 a 74 anos	24.281	23.938	48.219
» 75 anos	29.917	48.795	78.712
TOTAL	115.846	122.816	238.662

Do total das persoas valoradas e declaradas discapacitadas nun 33% ou máis (238.662) persoas maiores de 65 anos hai 126.931 que representan ao 53,18% das persoas declaradas.

Do grupo en idade laboral, dos 16 aos 64 anos, hai 104.150 persoas con discapacidade que son 43,64% do total.

O 3,18% (7.581) corresponde ao porcentaxe de persoas menores de 16 anos.

En canto ao sexo da poboación discapacitada, predominan as mulleres (51,46%) fronte aos homes (48,54%). Persoas diagnosticadas con discapacidade sensorial

Táboa 6
Persoas diagnosticadas con discapacidade sensorial

3. Número de persoas diagnosticadas en cada tipo de discapacidade

Tipo discapacidade	Homes	Mulleres	Total
Física	84.371	96.719	181.090
Intelectual	20.882	19.704	40.586
Mental	25.379	34.503	59.882
Sensorial	22.935	23.871	46.806
Enfermidades raras	187	192	379

Do total de persoas diagnosticadas (328.743) teñen discapacidade sensorial o 14,24%(46.806), das cales 23.871 son mulleres e 22.935 homes.

A discapacidade sensorial é o terceiro tipo de discapacidade diagnosticada, despois da física e a mental.

Táboa 7
Persoas diagnosticadas con discapacidade sensorial auditiva

6. Número de persoas diagnosticadas en cada tipoloxía de discapacidade sensorial

Tipoloxías de discapacidade sensorial	Homes	Mulle-res	Total
Auditiva	14697	14372	29069
Da linguaxe	2390	1518	3908
Visual	12747	14297	27044
Outros trastornos	54	56	110

En Galicia, segundo este censo da consellaría de Política Social, hai diagnosticadas con discapacidade auditiva 29.069 persoas, sendo as persoas xordas o 48,34% do total da discapacidade sensorial. Predominan lixeiramente os homes (50,56%) fronte as mulleres (49,44%). Este dato racha cos datos xerais onde a tendencia en Galicia é que haxa máis mulleresque homes con discapacidade declarada.

Táboa 8
Persoas diagnosticadas con distinto grado de discapacidade sensorial

4. DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE SENSORIAL POR GRUPO DE IDADE, SEXO E GRADO DE DISCAPACIDADE⁴									
Idade	Grado discapaci-dade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
<6	do 33% ao 64%	28	18	15	8	9	6	36	23
	do 65% ao 74%	X ⁴	X	X	X	X	X	8	X
	Máis do 75%	5	4	X	X	X	X	X	11
7 a 15 años	do 33% ao 64%	100	82	21	14	31	22	111	62
	do 65% ao 74%	18	9	4	X	6	X	18	12
	Máis do 75%	29	17	X	5	4	4	35	29
16 a 29 años	do 33% ao 64%	123	107	34	24	47	35	132	121
	do 65% ao 74%	52	44	14	19	23	9	56	53
	Máis do 75%	79	80	15	17	15	18	67	71
30 a 49 años	do 33% ao 64%	650	586	171	160	191	159	708	604
	do 65% ao 74%	250	225	95	90	88	92	322	242
	Máis do 75%	280	199	91	46	47	41	244	248
50 a 64 años	do 33% ao 64%	1.439	1.336	443	371	298	260	1.397	1.181
	do 65% ao 74%	419	420	163	145	149	149	503	483
	Máis do 75%	339	309	103	104	83	78	353	327
65 a 74 años	do 33% ao 64%	1.482	1.186	464	349	298	230	1.360	1.073
	do 65% ao 74%	329	396	132	143	116	101	433	442
	Máis do 75%	275	280	93	88	70	67	286	305
>75 años	do 33% ao 64%	1.832	1.968	494	562	363	376	1.260	1.215
	do 65% ao 74%	629	1.014	249	438	235	320	597	1.089
	Máis do 75%	737	1.225	196	349	261	353	770	1.512
TOTAL		9.095	9.505	2.797	2.932	2.334	2.320	8.696	9.103



O grupo de idades que máis destaca cuantitativamente na provincia de Pontevedra é o dos maiores de 50 anos, e neles o grado de discapacidade máis diagnosticado é o de 33 ao 64%, con excepción das mulleres maiores de 75 anos que reflexan o valor máis alto con máis do 75% de discapacidade declarada. Nos anteriores grupos de idade a tendencia é a de máis homes que mulleres con este tipo de discapacidade.

Un dato para comprender

A risco de equivocarnos e sendo moi conservadores, imos a pensar que nos diriximos a unha comunidade xorda con valoración igual ou superior ao 33% de discapacidade composta por

29.069 persoas que se comunicarían necesariamente cun mínimo de **4 persoas** (pai, nai, cónxuxe e fillo⁵). Poderíamos estar a falar dunha comunidade signante de **116.276** persoas que usarían a Lingua de Signos. Estas representan como mínimo o **4,30% da poboación total de Galicia**⁶.

Esta magnitude debера ser máis que suficiente para que as administracións que se debenaos dereitos dos cidadáns, se preocupen pola Lingua de Signos Galega.

As organizacións das persoas xordas en Galicia e na provincia de Pontevedra

Coa desaparición na práctica dos colexios de xordos galegos, verdadeiros epicentros da comunidade xorda galega, as asociacións que foron nacendo en torno a eles e outras de posterior creación asumiron o rol social de *tecer comunidade*. O reto nada fácil de agrupar a quen se dispersaba, as persoas xordas, que por efectos sobre todo das novas leis educativas incorporábanse ás aulas promovendo así a súa tan necesaria inserción social, foi o principal papel destas entidades.

Esta incorporación baixo as premisas da inclusión e o respecto á diversidade non foi igualen todos os centros, tal e como se recolle nos escasos estudos sobre este particular, en especial os da doutora Cristina González Abelaira.

As asociacións recobran o seu verdadeiro papel de representación dos seus asociados e asociadas primeiro, e por extensión asumen tamén o das comunidades de persoas xordas do seu ámbito.

Sabemos que o asociacionismo, formal e informal, dos xordos máis aló da satisfacción das necesidades sociais, ten o importante valor de promoción da identidade como comunidade.

A evolución do movemento asociativo das persoas xordas de Galicia necesita dun estudio singular que as axude a protagonizar o futuro en clave de inserción social, evitando así a conformación de comunidades pechadas en si mesmas e que afonden na visión de minoría deste grupo de persoas e as notables diferenzas de criterios en canto a velar polos dereitos lingüísticos dos seus asociados e por extensión do resto da comunidade xorda galega.

5 Por facer unha estimación moi xeral. Advertimos que esta NON É UNHA CIFRA OFICIAL, pois esta non existe para a consulta pública
6 Segundo datos do IGE a 2020 Galicia conta cunha poboación de 2.701.819 habitantes.

En Galicia, segundo datos aportados por XOGA hai as seguintes entidades asociativas:

Táboa 9
 Listado de asociacións galegas de persoas xordas

ENTIDADE	ÁMBITO PREFERENTE	WEB
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)	Autonómico Organizada en 7 Axencias que corresponden ás 7 asociacións que a conforman máis unha ANPA de nenos xordos.	https://www.faxpg.es/
Asociación de Personas Sordas de A Coruña (ASPESOR)	Concello de A Coruña Pertence á FAXPG	
Asociación de Personas Sordas de Vigo (ASORVIGO)	Concello de Vigo Pertence á FAXPG	http://asorvigo.org
Asociación de Personas Sordas de Ourense (APSOU)	Concello de Ourense Pertence á FAXPG	http://www.apsou.org
Asociación de Personas Sordas de Lugo (ASORLU)	Concello de Lugo Pertence á FAXPG	
Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela	Concello de Santiago Pertence á FAXPG	
Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra (AXF)	Comarca de Ferrolterra Pertence á FAXPG	http://www.axferrolterra.org
Asociación de Persoas Xordas de Pontevedra	Concello de Pontevedra Pertence á FAXPG	
Asociación de Pais e Nais de Nenos Xordos de Galicia (ANPaNXoGa)	Autonómico Pertence á FAXPG	https://anpanxoga.wordpress.com
Organización de Xordos de Galicia (XOGA)	Autonómico Pertence á FESOCE	https://organizacionxoga.org/ https://fesoce.org/

Nota. Aportada por XOGA

Das 10 referencias aportadas, hai unha entidade de carácter federativo (FAXPG) e as sete restantes son asociacións de ámbito territorial definido ás cidades galegas e federadas á anterior. XOGA é unha asociación de ámbito autonómico. Hai unha de carácter sectorial escolar configurada coma unha ANPA.

Na memoria da FAXPG de 2020 recoñecen que a súa base social⁷ consta de 647 socios e socias (todas persoas xordas) e con 175 socios e socias colaboradores.

Na memoria de XOGA 2017, distinguen entre persoas usuarias dos seus servizos e recoñecen que teñen 150 persoas asociadas.

7 <https://www.faxpg.es/base-social-gl.html>

A FAXPG declara que a súa misión é *alcanzar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a Lingua de Signos Española (LSE) como o noso valor principal. Teñen a visión de ser entidade de referencia na Comunidade Autónoma Galega en:*

- A representación dos intereses de todas as persoas xordas de Galicia.
- A prestación de servizos de calidade na atención a persoas xordas de Galicia e os seus familiares.
- A defensa e conservación da Lingua de Signos Española.

XOGA declara⁸ que a súa misión visión e valores *consiste en representar e defender os intereses globais das persoas xordas, con perda auditiva, con xordocegueira, e tamén os das familias ante a sociedade, administracións e demais institucións, a través da sensibilización en favor das persoas con diversidade sensorial.*

Dende Xoga, traballamos para previr a xordeira, a perda auditiva e xordocegueira, promovendo o diagnóstico precoz e a intervención prematura tanto a nivel sanitario, educativo e social; converténdonos nun referente no campo da diversidade sensorial.

Tamén orientamos e asesoramos ás persoas con diversidade sensorial, as súas familias, persoas físicas e xurídicas (entidades públicas ou privadas) con cuestións relacionadas coa Comunidade Sensorial e cos propósitos fundamentais de Xoga.

Mantemos contacto con toda clase de organismos, asociacións e institucións de carácter público ou privado que compartan fins comúns coa problemática da Comunidade Sensorial, colaboramos con eles en proxectos conxuntos, estudos, etc., e traballamos na busca de subvencións públicas e privadas para a realización de actividades, para o sostemento e bo funcionamento da nosa organización.

Xoga é unha entidade de utilidade pública que centra tódolos seus esforzos no beneficio de toda a sociedade.

XOGA conta coa súa sede central en Pontevedra e delegacións en Poio, Redondela e Vigo e na provincia de Ourense en Beariz.

A nivel estatal hai dúas grandes entidades que agrupan ás organizacións territoriais. A *Confederación Estatal de Personas Sordas (CNSE⁹)* da que forma parte a FAXPG, e a *Federación Española de Sordoceguera (FESOCÉ¹⁰)* da que forma parte XOGA. Ambas entidades estatais teñen visións diferentes e aparentemente contrapostas, sobre a existencia e promoción das Linguas de Signos Españolas en cada comunidade autónoma, tal e como se recoñece na Lei 27/2007; visión que se extrapola á realidade da comunidade autónoma galega.

8 Da súa propia web: <https://organizacionxoga.org/xoga/mision-vision-e-valores/?lang=gl>

9 CNSE: <https://www.cnse.es/index.php>

10 FESOCÉ <https://fesoce.org/>

Outras iniciativas da sociedade civil destacadas

Quixeramos seguir este capítulo mencionando algunha das iniciativas sociais que procuran valorizar e manter unha Lingua de Signos Galega como tal.

A primeira, polo seu impacto en redes sociais e mediáticas é a **Familia Vázquez**, que se autodefinen no seu facebook¹¹ como *“una familia de personas sordas, artista y llena de alegría. Hablamos la Lengua de Signos”*. Contan só nesta rede social con máis de 22 mil seguidores. No ano 2020 foron finalistas ao premio Youtubeir@s onde presentaron un vídeo sobre a “desaparición da lingua de signos galega”¹².

A capacidade de achegarse a todo o mundo e especialmente á comunidade xorda galega, entre outras, defendendo a realidade vivida de aprender a LSG, e facelo a través das redes sociais con humor sensibiliza e potencia o sentimento de galegitude das persoas xordas galegas.

Figura 3
A familia Vázquez



11 Familia Vázquez: <https://www.facebook.com/familiavazqueztv>

12 <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2020/11/30/familia-sorda-santiago-finalista-premio-publico-youtubeirs/00031606747617615376961.htm>

Por outra banda salientar dúas iniciativas, hoxe aparentemente inactivas, que naceron ao abeiro dos centros de ensino que atendían á comunidade e as persoas xordas galegas. Nun caso destaca a revista **As nosas mans**, creada pola **Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela** e dirixida polo experto na LSG: **Andrés Caamaño Hermida**, foi unha iniciativa subvencionada daquela pola Xunta de Galicia que recollía moitos dos toposignos galegos. Hoxe pódese consultar no Portal da Lingua Galega¹³.

A outra iniciativa veu da man do **Centro de Formación e Recursos do Profesorado** (CFR) de Ferrol¹⁴. Un grupo de especialistas en audición e linguaxe elaboraron como recurso para os mestres e mestras que traballaban con persoas xordas nas escolas un **“Diccionario da Lingua de Signos Galega”** (DILISGA), do cal non atopamos referencias na propia web da Consellaría de Educación e na do CFR de Ferrol, aínda que isto puidera ser pola falta de “pericia” indagadora.

Claves normativas

A mirada xurídica sobre a lingua de signos mudou radicalmente coa aprobación da *Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñece as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas* (Lei 27/2007).

Supuxo esta aprobación un antes e un despois na visión sobre o uso das linguas de signos e abriu sen dúbida o camiño ao recoñecemento da diversidade lingüística signada do estado español, que vai parella á diversidade oral recoñecida na Constitución do 78.

Tamén serviu esta lei para mellorar na consideración das Linguas de Signos en España, deixando de ser un “instrumento máis ao servizo da discapacidade” a ter o rango que lle corresponde como unhas linguas máis. Desta nova consideración tamén se benefician as comunidades xordas e signantes de todo o estado.

A cuestión que nos preocupa é a de se na actualidade contamos cunha base legal que referenda non só a recuperación e revitalización da Lingua de Signos Galega, senón que permita e posibilite a implicación de todas as administracións nesta revalorización e se incorpore á planificación da política lingüística galega.

Advertimos que nós non somos xurídicos, pero en función dos textos analizados, especialmente o dos profesores Cabeza Pereiro e Eijo Santos (2018) e moi significativamente o da doutora González Abelaira (2016), chegamos ás seguintes conclusións:

- Si existe unha base legal sólida para reafirmar a natureza da Lingua de Signos Galega como un instrumento de comunicación, máis aló do uso das comunidades xordas.

13 AS NOSAS MANS: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/publicacions/_/contido_0788/revis-ta-lingua-signos-galego-nosas-mans

14 CFR FERROL: <http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrferrol>

- As linguas de signos apréndense basicamente no contorno das familias que as signan e sobre todo na Escola, polo que serán estes dous contornos os considerados estratéxicos. Hai un terceiro ámbito que cobrou especial protagonismo que son as asociacións que agrupan a distintas comunidades de persoas xordas.
- Segundo Morales (2008) e Jarque (2012) en España as linguas de signos recoñécense como vínculos de identidade que cohesionan ás comunidades de persoas xordas.
- A lei 27/2007 posibilitou o recoñecemento dos dereitos lingüísticos das persoas xordas, implicando ao sistema educativo, ás administracións para o acceso aos servizos públicos de todo tipo (cultura, deporte, a sanidade, os transportes, ...), aos medios de comunicación ou á participación política.
- Esta lei recoñece “expresamente” no seu texto a existencia de polo menos dúas linguas de signos: unha denominada Lingua de Signos Española (LSE) á que lle outorga un estatus de xeral para todo o estado, e outra de carácter territorial, circunscrita á Comunidade Autónoma de Cataluña que sería a Lingua de Signos Catalá que xa era recoñecida como tal nesa comunidade como a de uso maioritario.
- A lei 27/2007 ditase *ao amparo da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme ao artigo 149.1.1ª. da Constitución Española*, tal e como ben expresado na Disposición final primeira.
- Esta disposición eleva o uso das linguas de signos ao estatuto de dereito constitucional.
- No Título Preliminar, Artigo 1. Obxecto da Lei di: *A presente Lei ten por obxecto recoñecer e regular a lingua de signos española como lingua das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en España que libremente decidan empregala, sen prexuízo do recoñecemento da lingua de signos catalá no seu ámbito de uso lingüístico, así como a regulación dos medios de apoio á comunicación oral. Asemade a presente lei ten por obxecto recoñecer a lingua de signos catalá, como lingua das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en Cataluña, que libremente decidan utilizala, sen prexuízo da ulterior regulación lexislativa e regulamentaria que poida corresponder á Generalitat de Cataluña, no desenvolvemento das súas competencias.* Todas as alusións que esta Lei fai da lingua de signos española entenderanse feitas ás demais linguas de signos españolas, para o seu ámbito territorial propio, sen prexuízo do que estableza a normativa propia das respectivas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias. Tamén é obxecto desta Lei a regulación dos medios de apoio á comunicación oral destinados ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- O resto da Lei 27/2007 desenvolve aspectos específicos que afectan ao “uso das linguas de signos españolas” e á creación de organismos para a potenciación da LSE como o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española destinado á protexer e difundir a LSE e non tanto as Linguas de Signos de

España. Non seremos nós que eluda mencionar que o debate de “lingua de signos española versus españolas” ten as súas fundamentacións en aspectos puramente políticos e pouco lingüísticos. A deriva desta artificialidade atopámola en que hai entidades galegas, segundo se recolle na literatura científica analizada, que defendendo a LSE nega por sistema a LSG, deixando de seren esta unha preocupación patrimonial que abrangue máis aló da propia comunidade xorda galega.

- Non podemos máis que estar de acordo cando Cabeza e Eijo (2018, p. 31) din que as persoas xordas, ao igual que o resto de persoas non xordas, teñen que aprender outras linguas cando queren acceder a determinada información e coñecemento. As persoas xordas son tan capaces como as que non o son, para aprender outras linguas, pero no “modo visual”. Este fenómeno de ter que aprender unha lingua de uso maioritario é moi habitual na comunicación humana.
- Estes autores recoñecen que “Los procesos de planificación de las lenguas de signos suelen tender hacia la conformación de lenguas de signos nacionales” (p. 31).
- En España o modelo de planificación lingüística é consecuencia da organización territorial do estado. Non en todas as comunidades autónomas hai unha lingua de signos propia, como pasa no modo oral, producindo distintas situacións de convivencia lingüística. A lingua “oral” de España é o castelán como determina o artigo 3 da Constitución Española cando manda:

Artigo 3

- O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
- As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
- A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

- Hai na arquitectura xurídico-administrativa distintos grados de protección en función dos modelos anteriormente citados, uns baseados nos “dereitos lingüísticos” en canto que as persoas xordas son cidadáns de pleno dereito e outros nos modelos baseados no “tratamento” da xordeira coma unha discapacidade.
- Cabeza e Eijo (2018) confirman que nos Estatutos de Aragón, Castilla y León, Cataluña, Comunitat Valenciana, Illes Balears e Extremadura aparecen mandatos sobre a protección das linguas de signos. En todas elas faise desde a perspectiva da “defensa de la igualdad de derechos de las personas con discapacidad” (p. 33) coa excepción de Cataluña que se fai no “marco de los derechos lingüísticos de la ciudadanía”.

- O estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 define o galego como a lingua propia de Galicia, e é cooficial co castelán. Na lexislación relativa á política lingüística non hai mencións sobre a normalización nin da Lingua de Signos Española e moito menos da Galega.
- Non podemos deixar de mencionar, aínda que no noso ánimo non está a procura de enfrontamento lingüístico algún, un fenómeno que recolleu González Abelaira (2016) e o mencionan Cabeza e Eijo (2018, p.34). Aínda que se pode ler o detalle do mesmo en síntese co que ocorreu foi que en 2012, 5 anos despois de aprobar a Lei 27/2007, o subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal da Xunta de Galicia na que reunidas as asociacións de xordos galegas que asumen a visión "española" das Linguas de Signos en Galicia "deciden" (así, sen máis, sen estudo algún que avale unha ou outra postura) apostar polo centralismo e homoxeneización da planificación lingüística imposta pola LSE. (González Abelaira, 2018).
- Nas conclusión do seu artigo, Cabeza e Eijo (2018) fan unha recapitulación final coas seguintes reflexións que complementan as anteriormente citadas:
 - o Teñen pasado máis de 10 anos da aprobación da Lei 27/2007 para que se puxeran os lexisladores a elaborar o Regulamento que a desenvolve. Unregulamento que non deixa a ninguén satisfeito. Pódese consultar o proxecto deregulamento¹⁵ e seguir proceso de consulta pública a través do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030¹⁶.
 - o Fora de Cataluña, o temas das linguas de signos encádrase no modelo asistencial e de tratamento das discapacidades.
 - o Hai un abandono de calquera proxecto que desenvolva a LSG por parte da entidade maioritaria que asume sen condicións os criterios de expandir a LSE, anulando calquera outra lingua de carácter territorial e sociocultural. Esta actitude mantense no tempo.
 - o Desde a Xunta de Galicia, responsable estatutariamente da política lingüística na Comunidade Autónoma, non se ten iniciado ningunha iniciativa que recupere, renove e revitalice a actual LSG.
 - o O contexto onde se vai perdendo o patrimonio cultural galego que é a LSG, está fortemente influenciado institucionalmente (CNLSE) e asociativo (FAXPG, ILSEs, etc.) que potencian en todas as instancias a LSE e promoven unha idea de que é a única LS en Galicia.
 - o Ao noso entender, as linguas de signos non son responsabilidade exclusiva dos seus usuarios principais. É responsabilidade da Comunidade Autónoma e das súas institucións que deben "normalizala".

15 <https://www.msbs.gob.es/normativa/audiencia/docs/Rdlenguasignos.pdf>

16 https://www.msbs.gob.es/normativa/docs/20210507_CPP_REGLAMENTO_LSEYMACO.pdf

O artigo de Cristina González Abelaira (2016) titulado: "Unha lingua de signos galega?" pretendía romper o tabú que supoñía falar dunha lingua propia da nosa comunidade facéndoo sen eufemismos. É este un artigo denso en información, o que supón que é un magnífico referente para comprender o que sucede coa LSG. Fai unha descritiva histórica da LSE e como esta chega a Galicia e en que contexto se desenvolve.

Desde Madrid a Compostela e de aí a Lugo e a Coruña ou a Lanzada, sempre nun modelo de discapacidade desde finais do século XIX ata a promulgación da Lei 27/2007, no que se outorga legalmente o estatus de lingua ás distintas Linguas de Signos Españolas.

Hai que comprender, aínda que parece non facer falta, que as políticas lingüísticas desde o século XIX foron mudando substancialmente, ata chegar á Constitución Española de 1978.

Foron os Colexios de Xordos Galegos e as asociacións que se formaron nelas, onde se desenvolveron unha LSG a pesar de imperar a filosofía oralista, tal e como recolle González Abelaira (2016, p. 101). Achaca esta investigadora, que a falta de apoio actual das asociacións de persoas xordas á LSG, ten a súa raíz na desconexión dos actuais dirixentes das mesmas con aquel movemento asociativo primixenio xerado en torno aos Colexios de Xordos.

A forza asimiladora da LSE, oprime o desenvolvemento da LSG, que conta coa axuda da FAXPG no ámbito asociativo e o poder do descoñecemento xeral das linguas de signos que fai que a interpretación da lingua oral á de signos é só bimodal e non bilingüe. Isto é: interprétase unha conversa oral en galego en LSE (paso de un modo a outro, bimodal e bilingüe) en vez de procurar interpretar do galego ou do castelán á LSG. Hai que advertir que falar de "bimodal" ten unha acepción pexorativa, xa que tradicionalmente se ten entendida como a copia dunha estrutura sintáctica da lingua oral á lingua signada, e este non é o sentido da comunicación signada.

Desde 2008 hai unha fonda renovación do corpus lingüístico que se usaba en Galicia e se vai substituíndo polo aportado pola Lingua de Signos Española, que se suma á desmembración das comunidades de persoas xordas illándose na súa integración nos centros escolares ordinarios.

Esta investigadora aporta indicios de que hai unha fortaleza importante e consistente sobre o uso da LSG tendo como epicentro o centro Rexional de Xordos de Santiago de Compostela, no período de 1950 a 1990 que é o ano de aprobación da LOXSE.

Achaca a perda de desenvolvemento deste patrimonio cultural aos efectos que a dispersión das persoas xordas para integrarse na diversidade propia do novo sistema educativo como un dos factores principais para o debilidade actual e perda do corpus da LSG.

A modo de consideracións finais, e parécenos salientable destacar, o paralelismo que González Abelaira (2016, p. 104) establece entre o que ocorreu en Galicia coas linguas orais e o que ocorre agora coas linguas signadas. Unha situación diglósica fai que a lingua de signos galega, ao estar en completa indefensión polo contacto e recoñecemento da LSE, tenda á desaparición.

Claves científicas. Referentes galegas.

Un dos aspectos que nos preocupou desde o inicio deste traballo, foi o de coñecer a quen investiga sobre a Lingua de Signos Galega e por extensión, sobre as demais linguas signadas. O descoñecemento xeral da comunidade xorda dos referentes científicos que investigan sobre o seu modo de comunicarse foi unha clave que nos motivou a indagar por esta vía.


Expoñemos as cuestións que nos serven de guía

A estratexia para buscar bibliografía pasa por acudir ás bases de datos de uso nas ciencias sociais e humanísticas, así como aquelas que recollen as investigacións das universidades españolas e iberoamericanas, que son as que conforman o noso contexto científico principal.

1. Hai literatura científica sobre a Lingua de Signos Galega?
2. Canta produción científica hai ata 2021?
3. Cales son os documentos máis destacados? 4º. Quen son os seus autores/as?

Desde o principio dos traballos que producen este informe acudimos ás seguintes bases de datos en busca da literatura científica sobre a LSG. Fontes secundarias que son consultadas ata no mesmo momento de pechar este informe (novembro de 2021).

Figura 3
Bases de datos



Facemos dúas exploracións intensas. Unha ao principio para “situarnos” con fundamento no tema das linguas signadas e obter información sobre os conceptos clave que nos interesan para este informe. E unha segunda que afonda máis nos datos obtidos que circunscribimos ao período global 2000-2021 e especificamos no 2007-2021. Este acoutamento desde o 2007, ven motivado por ser este ano no que se publica a Lei 21/2007, que como especificamos anteriormente supón un antes e despois na concepción das linguas signadas.



Con todo decidimos empregar os seguintes conceptos para buscar información sobre a LSG:


Táboa 10
Descritores de procuras nas bases de datos

CASTELÁN	GALEGO
Lengua de Signos	Lingua de Signos
Lengua de Signos Española	Lingua de Signos Española
Lengua de Signos Catalana	Llengua de Signes Catalana
Lengua de Signos Gallega	Lingua de Signos Galega
Lengua Signada	Lingua Signada
Lengua de Sordos	Lingua de Xordos

Nun primeiro momento acudimos a **GOOGLE SCHOLAR** para obter os primeiros documentos e poder elaborar unha serie de conceptos clave que nos axuden a ampliar a nosa procura. Buscamos o mesmo concepto en castelán e en galego, e no caso da Lingua de Signos Catalá (LSC) empregamos a variación en catalá.

Obtemos os datos expresados nas gráficas seguintes:

Figura 4
Datos obtidos en Google Scholar




Observamos os seguintes datos. Na procura en castelán sobresaen os documentos que empregan os conceptos de “Lengua de Signos”, “Lengua de Signos Española” e “Lengua de Signos Catalana” e aparecen 3 documentos para o concepto da “Lengua de Signos Gallega”. Ao pasarnos ao galego aparecen algún documento máis (8 e 7) e se reducen aqueles que empregamos outros conceptos.

Ao buscar o que hai sobre a LSC destaca a produción en catalá sobre a produción encastelán. O mesmo que cualitativamente ocorre en galego coa LSG.

Pasamos do Google Scholar a **TESEO**. Esta é unha base de datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, na que se recollen todas as teses “defendidas” nas universidades españolas.

Figura 5
Datos das Teses españolas en TESEO



Sorprende as poucas teses referenciadas, o que implica un grado de interese por parte da comunidade científica insuficiente. As causas poden ser diversas, pero atendendo á produción vemos que desde 2007 é cando se producen a maior parte das teses.

A nosa sorpresa foi atopar unha única tese galega co título:

Planificación Lingüística de la lengua de signos en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Galicia: perspectivas histórica y émica.

A súa autora é Cristina González Abelaira. Trátase dunha investigación feita na Universidade de Santiago de Compostela dirixida polos profesores do Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral: Modesto Aníbal Rodríguez Neira e codirixida pola profesora Luz Zas Varela. Defendida en 2018 é o fito máis importante e sobresaínte sobre a LSG. O resumo¹⁷ da mesma ofrecido por TESEO é o que segue:



Esta tesis se inscribe en el marco de las políticas lingüísticas desarrolladas en Europa y, en concreto, en el ámbito educativo gallego, para centrarse en la planificación lingüística de la lengua de signos en la Comunidad Autónoma de Galicia.

La investigación se lleva a cabo partiendo de una perspectiva diacrónica, pues se recogen los cambios más significativos que han tenido lugar a lo largo de la historia con respecto a la intervención sobre la lengua de signos. Pero también hay un enfoque émico, pues las representaciones colectivas de los grupos humanos sostenidas por los actores sociales, así como su visión de los fenómenos lingüísticos tienen un papel muy importante en la determinación y en los efectos de las políticas lingüísticas.

El trabajo de investigación consta de una primera parte, más teórica, en la cual se efectúa una revisión bibliográfica y un análisis de fuentes para determinar el estado de la cuestión. Pero también hay una parte observacional y empírica que se desarrolla en la Comunidad Autónoma de Galicia en colaboración con varios centros educativos que tienen escolarizado alumnado sordo con el objetivo de determinar los actores sociales principales implicados en el proceso planificador. Así, la investigadora pasa a formar parte del contexto como observadora participante, al tiempo que recibe formación en la lengua y cultura propias de las personas sordas. Una vez que se familiariza con la comunidad objeto de estudio, inicia la recogida de los datos. Por último y con el corpus de datos ya creado, se analiza e interpreta la información obtenida, procurando alcanzar, a través de las perspectivas contempladas, una visión más amplia de la planificación lingüística educativa de la lengua de signos en Galicia

A súa lectura está restrinxida a investigadores. Está depositada na Biblioteca Xeral da USC, na sala de investigadores coa sinatura: TS 6823.

A lectura desta tese ofreceunos unha grande cantidade de información útil para etapas posteriores do proxecto que XOGA e a Deputación de Pontevedra queren desenvolver.

A base de datos máis empregada polas súas características pola comunidade científica iberoamericana é **DIALNET**. Especializada nas ciencias sociais foi creada en 2001 e conta a finais de 2021 con máis de 7.900.000 documentos referenciados e case que 2.500.000 de usuarios. Accede a máis de 11.000 revistas científicas e ten catalogadas preto de 300.000 teses. É a base de datos máis usada como fonte secundaria pola comunidade científica iberoamericana. En moitos dos casos DIALNET permite o acceso á fonte primaria, isto é ao texto orixinal que se referencia, o cal é moi útil aos investigadores.

Ofrécenos os documentos clasificados en Artigos de Revista (**AR**), Teses (**TS**), Artigos de Libro (**AL**) e Libros (**L**).

O resultado da última exploración ofreceunos unha serie de datos que convertidos nunhas sinxelas gráficas ofrécenos en todos os casos, xa foran en castelán e/ou en galego un mesmo dato revelador: **a produción científica sobre as linguas de signos, sendo un interese recente da lingüística intensifícase notablemente desde a aprobación da Lei 27/2007**. Este dato é de vital importancia neste informe pois evidencia que non é ata que se legisla e se recoñece o valor coma lingua das Linguas de Signos, cando se fomenta a investigación científica sobre as mesmas. Esta interpretación é a mesma para os descritores en castelán e en galego. A variación entre ambas é de tipo cuantitativo. Publicase máis en castelán que en galego, e no caso do catalán é ao revés. Publicase máis en catalán que en castelán sobre a súa Lingua de Signos (LSC).

Figura
Datos DIALNET en castelán






Figura
Datos DIALNET en galego



Se nos centramos nos que nos preocupa, que é o que hai investigado sobre a LSG, o resultado é o seguinte:

Figura 8
Datos DIALNET do descritor: Lengua de Signos Gallega



Obtemos en castelán un total de 25 documentos, dos cales 8 son artigos de revistas científicas, 10 son teses de doutoramento, hai 4 artigos de libro e 3 libros. Destes documentos tratan principalmente ou en parte o tema da LSG: 7; dos cales copiamos os datos de referencias que nos ofrece DIALNET.

- ***Cuándo una palabra es una palabra? Criterios de identificación en la adquisición de LSE (lengua de signos española).*** Elvira López, Andrés Caamaño Hermida, Pilar Fernández Fernández, Onésimo Juncos Rabadán, Feliciano Sola, María Teresa López Muiños, Rosa María Rivas Torres.

Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego: actas del I Encuentro Internacional sobre Adquisición de las Lenguas del Estado / coord. por Miguel Pérez Pereira, 1996, ISBN 84-8121-468-X, págs. 505-514
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=557112>

- ***Procesos de adquisición de la configuración de los primeros formantes de la lengua de signos catalana (LSC).*** Josep M. Segimon, María del Pilar Fernández Viader, Maria Josep Jarque Moyano.

Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego: actas del I Encuentro Internacional sobre Adquisición de las Lenguas del Estado / coord. por Miguel Pérez Pereira, 1996, ISBN 84-8121-468-X, págs. 113-128
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=557146>

- ***Orden de constituyentes en lengua de signos española: Aspectos generales y descriptivos.*** Inmaculada C. Báez Montero, María del Carmen Cabeza Pereiro.

Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego: actas del I Encuentro Internacional sobre Adquisición de las Lenguas del Estado / coord. por Miguel Pérez Pereira, 1996, ISBN 84-8121-468-X, págs. 567-578
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=557106>

- ***Autotraducirse en Galicia: ¿bilingüismo o diglosia?*** Xosé Manuel Dasilva Quaderns: Revista de traducción, ISSN 1138-5790, N° 16, 2009, págs. 143-156

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=3030048>

Este trabajo constituye una aproximación a la realidad del fenómeno de la autotraducción en el espacio gallego. En primer término, se lleva a cabo un breve recorrido a través de la presencia de la autotraducción en la literatura gallega durante del período contemporáneo, desde el siglo XIX hasta el momento actual. A continuación, se pone de relieve la dimensión sociolingüística de la autotraducción cuando se desarrolla entre dos lenguas que mantienen entre sí una relación de desequilibrio. Efectivamente, a través del análisis de las razones.

- **Terapia ocupacional en un caso clínico de discapacidad auditiva prelocutiva.** Estíbaliz Jiménez Arberas, Emilian Díz Villoria.

Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG, ISSN-e 1885-527X, Nº. 22 (V.12, noviembre), 2015

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5308789>

Introducción la terapia ocupacional no ha prestado demasiada atención al colectivo de personas con discapacidad auditiva independientemente del tipo de pérdida (hipoacusia o cofosis) o el momento de la pérdida (prelocutiva o postlocutiva). Aunque España ha sido uno de los primeros países en establecer medidas legislativas y acciones para hacer efectivos algunos de los derechos reconocidos en ella relativos a la comunidad sorda. La Ley 27/2007 y la Ley 17/2010 reconocen el derecho de las personas sordas al aprendizaje, el conocimiento, el uso, la investigación y la interpretación de dos lenguas de signos en España, la española y la catalana en Cataluña, incluyendo el acceso a la salud en lengua de signos española. Estas medidas, unidas a la Ley 51/2003, al I Plan Nacional de Accesibilidad 2004-2012 y al reciente Plan Nacional de Derechos Humanos, suponen un importante avance en la promoción y la protección de los derechos de las personas sordas usuarias de lenguas de signos en España, pero por sí solas no pueden eliminar las barreras actitudinales, físicas, políticas, de prácticas o de recursos creadas por la sociedad. Metodología por ello, el objetivo de éste trabajo es exponer el manejo de un caso práctico con una persona sorda desde la perspectiva de la terapia ocupacional, tomando como enfoque de intervención el modelo de la ocupación humana de MOHO. Conclusiones la aplicación del modelo MOHO mejora la ejecución ocupacional en actividades instrumentales de la vida diaria y participación social incluyendo las adaptaciones y productos de apoyo en el colectivo de personas sordas.

- **Lenguas de signos en el estado español: estatus y territorialidad.** María del Carmen Cabeza Pereiro, Francisco Eijo Santos.

Estudios de lingüística galega, ISSN 1889-2566, Nº. 10, 2018, págs. 27-39

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6586130>

El propósito de este artículo es presentar la situación de las lenguas de signos en el contexto de la política lingüística española, tanto en lo que se refiere al ámbito estatal como en el de las comunidades autónomas. Para ello se hace una revisión de las leyes que, en el ámbito estatal y autonómico, regulan en alguna medida el uso de estas lenguas. Trataremos de mostrar cómo el desarrollo normativo de las lenguas de signos (LS) se enfrenta en España a dos retos: el primero tiene que ver con el prejuicio de que las LS son adaptaciones para facilitar la accesibilidad a las personas sordas, y no lenguas naturales que se utilizan en un contexto social y cultural específico; el segundo proviene de la concepción territorial de los derechos lingüísticos. Solo la lengua de signos catalana y la lengua de signos española gozan de reconocimiento en el texto normativo de mayor rango, la primera en Cataluña y la segunda en el resto del estado, en tanto que las comunidades autónomas tienen la potestad de reconocer lenguas de signos propias de los respectivos territorios. En el caso gallego, una entrevista realizada al presidente de la Federación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) nos ha permitido concluir que no está entre las prioridades de este órgano de representación la reivindicación de una lengua de signos gallega

- ***Planificación lingüística de la lengua de signos en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Galicia: perspectivas histórica y émica.*** Cristina González Abelaira.

Tesis doctoral dirigida por Modesto Aníbal Rodríguez Neira (dir. tes.), Luz Zas Varela (codir. tes.), Universidade de Santiago de Compostela (2018).


<https://dialnet.unirioja.es/servlet/exttes?codigo=147061>

Esta tesis se inscribe en el marco de las políticas lingüísticas desarrolladas en Europa y, en concreto, en el ámbito educativo gallego, para centrarse en la planificación lingüística de la lengua de signos en la Comunidad Autónoma de Galicia. La investigación se lleva a cabo partiendo de una perspectiva diacrónica, pues se recogen los cambios más significativos que han tenido lugar a lo largo de la historia con respecto a la intervención sobre la lengua de signos. Pero también hay un enfoque émico, pues las representaciones colectivas de los grupos humanos sostenidas por los actores sociales, así como su visión de los fenómenos lingüísticos tienen un papel muy importante en la determinación y en los efectos de las políticas lingüísticas. El trabajo de investigación consta de una primera parte, más teórica, en la cual se efectúa una revisión bibliográfica y un análisis de fuentes para deter-

minar el estado de la cuestión. Pero también hay una parte observacional y empírica que se desarrolla en la Comunidad Autónoma de Galicia en colaboración con varios centros educativos que tienen escolarizado alumnado sordo con el objetivo de determinar los actores sociales principales implicados en el proceso planificador. Así, la investigadora pasa a formar parte del contexto como observadora participante, al tiempo que recibe formación en la lengua y cultura propias de las personas sordas. Una vez que se familiariza con la comunidad objeto de estudio, inicia la recogida de los datos. Por último y con el corpus de datos ya creado, se analiza e interpreta la información obtenida, procurando alcanzar, a través de las perspectivas contempladas, una visión más amplia de la planificación lingüística educativa de la lengua de signos en Galicia

No caso do descriptor en galego “*Lingua de Signos Galega*” obtemos os seguintes resultados:

Figura 9
Datos DIALNET do descriptor: Lingua de Signos Galega



Hai en DIALNET 14 documentos en galego que usan este descriptor so hai 2 que tratan da LSG. Os dous da mesma autora: Cristina González Abelaira. Un é a xa mencionada tese de doutoramento e outro é do que trasladamos a referencia que nos ofrece esta base de datos:

- **Unha lingua de signos galega?** Cristina González Abelaira

Estudos de lingüística galega, ISSN 1889-2566, Nº. 8, 2016, págs. 89-106

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5599686>

A publicación no ano 2007 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas, supuxo o recoñecemento oficial da lingua de signos española (LSE) e da lingua de signos catalá (LSC), así como o dereito a aprendelas e usalas ó lado doutros medios de comunicación orais. Logo dunha reivindicación histórica por parte do colectivo xordo, a lexislación admite a existencia de dúas linguas de signos en España.

Ademais, a LSC é oficial en Cataluña dende o ano 2006, a partir da publicación do Estatuto de Autonomía Catalán. Tamén no ano 2010 se publica a Lei 17/2010, de 3 de xuño, da lingua de signos catalá. Porén, nin no ámbito autonómico, nin no estatal se recoñeceu oficialmente unha lingua de signos galega (LSG). Todo apunta a que a diferenciación soamente de dúas linguas de signos no estado español non atende a criterios lingüísticos, senón máis ben políticos e sociais. Unha análise histórica e émica do proceso de planificación lingüística en Galicia a través dunha metodoloxía etnográfica permite observar como se organizou a diversidade lingüística na comunidade e lévanos a concluír que tras a oralización en castelán do colectivo xordo, buscouse unha uniformización lingüística que conduciu á falta de recoñecemento das diferentes variedades lingüísticas, entre elas a galega.

Sintetizando o atopado e en función da literatura estudada, sabemos que a investigación sobre as linguas de signos é un ámbito científico relativamente novo, especialmente no campo da sociolingüística, o que fai que o tratamento das LS como a Galega, moi presionada pola LSE sexa aparentemente de menor interese.

E quen fai esta investigación? A vantaxe estratéxica que queremos destacar é que contamos con científicas galegas na vangarda destes estudos. Coas máis destacadas logramos entrevistarnos e expor as nosas cuestións principais para este informe. O seu enfoque foi o que deu unha perspectiva máis realista sobre o interese de XOGA e a Deputación de Pontevedra, o que nos serviu para enfocar este informe.

Contamos así coa opinión experta de:

María del Carmen Cabeza Pereiro, profesora titular do departamento de Tradución e Lingüística da facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

<http://fft.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/maria-carmen-cabeza-pereiro/>

Cristina González Abelaira, profesora de educación secundaria da Xunta de Galicia, doutorouse na USC en 2018, defendendo **a única tese sobre a Lingua de Signos Galega**. É unha destacada investigadora comprometida activamente coa LSG e o seu desenvolvemento, da que é unha experta.

Inmaculada C. Báez Montero, profesora titular do departamento de Lingua Española da facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Coordinadora do grupo de investigación GRILES. <http://fft.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/inmaculada-concepcion-baez-montero/>

Ana María Fernández Soneira, profesora contratada doutora do departamento de Lingua Española da facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. <http://fft.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/ana-maria-fernandez-soneira/>

María Concepción Bao Fente, profesora asociada no departamento de Psicoloxía, na facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. <https://pdi.udc.es/gl/File/Pdi/ZF9GF>

Ana Isabel González Quinteiro, funcionaria de carreira no concello de Pontevedra. Educadora social e licenciada en Filoloxía Clásica. Doutoranda no programa de Equidade na Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL). Técnica superior lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra. Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela.

Realizamos as seguintes entrevistas entre setembro e outubro:

Carmen Cabeza Pereiro	30/09/2021
Cristina González Abelaira	05/10/2021
Ana Isabel González Quinteiro	7/10/2021
Anxos Sobriño Pérez	7/10/2021
Inmaculada Báez Montero e Ana María Fernández Soneira	19/10/2021
María Concepción Bao Fente	26/10/2021

Foron unha serie de entrevistas abertas que pretendían mediante a conversa franca sobre o proxecto de XOGA e a Deputación de Pontevedra, pescudar a opinión experta sobre os pasos que se poderían dar e o grado de compromiso necesario.

As preguntas clave destas entrevistas informais, foron:

1. É posible a súa revitalización? En que prazos? A que custes?
2. Estariades dispostas a protagonizar, na medida dos recursos dispoñibles, este traballo a prol da LSG? E os esforzos de calidade na atención a persoas xordas de Galicia e os seus familiares.
3. A defensa e conservación da Lingua de Signos Española.
4. Estariades dispostas a protagonizar, na medida dos recursos dispoñibles, este traballo a prol da LSG?

Aínda que estaban previstos outros instrumentos propios da investigación cualitativa, como a realización de grupos de discusión con distintos sectores da LSE-LSG estes non se puideron levar a cabo por distintas causas que competen á xestión de XOGA. En calquera caso esta vía queda aberta para desenvolver en fases posteriores do proxecto que se pretende e encadrados no marco dunha investigación deseñada ad hoc aos obxectivos reformulados.

As conclusións destas entrevistas foron:

- A Lingua de Signos Galega existe. É unha realidade lingüística.
- A LSG necesita recoller cientificamente o seu "corpus lingüístico", que na actualidade está disperso e sen fundamentos científicos.
- Hai iniciativas de recollida de toposignos de interese científico que habería que sumar, como a que realizan Andrés Caamaño, Xulio Loureiro e a mesma Cristina González no seu dicionario de ditos e frase feitas, que se publicará en breve.
- Existe experiencia científica, un método e unha tecnoloxía para crear e poñer en utilidade o corpus da LSG desenvolvido polo grupo de investigación GRILES (<http://griles.webs.uvigo.es/>) para a LSE e outras linguas de signos doutros países e desenvolvida na Universidade de Vigo.
- A creación deste corpus podería terse finalizado no prazo aproximado de 2 anos e cun orzamento aproximado de entre 150.000 e 200.000 euros. Este dato debería axustarse.
- O desenvolvemento do proxecto de XOGA e a Deputación, ou de calquera outro que teña que ver coa LSG, pasa pola implicación e compromiso da comunidade de persoas xordas de Galicia.
- Máis aló da reconstrución da LSG desde o punto de vista lingüístico faise necesario realizar sobre a mesma investigación histórica.
- É necesario redeseñar os aspectos pedagóxicos sobre a LSG.
- O proceso que implica o proxecto de XOGA e a Deputación de Pontevedra pasa pola creación *dun equipo multidisciplinar* coordinado e que se marque prazos e fitos claros.
- O ámbito político actual necesita de datos científicos serios para tomar as decisións conducentes ao recoñecemento da LSG no marco da Lei 27/2007.
- É necesario que a Política Lingüística Galega recolla o bilingüismo bimodal e a LSG en particular.
- A administración local é un importante axente de concienciación da necesidade de que as persoas xordas poidan comunicarse na LSG ou na LSE en igualdade de dereitos.

- Hai que difundir o que son as linguas de signos españolas e en especial a nosa LSG.
- As Linguas de Signos e en particular a LSG, non son patrimonio exclusivo das asociacións de persoas xordas. Son un patrimonio cultural dos galegos e das galegas que debe ser coidado polas administracións e institucións públicas.

Atopamos nas nosas interlocutoras un ánimo motivador de que estabamos no camiño correcto. Primeiro hai que ver a viabilidade dun proxecto como o que se está a desenvolver e o primeiro paso é/foi consultar con quen sabe: a comunidade científica.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Lembremos a finalidade deste informe. Queríamos achegarnos ao estado actual da Lingua de Signos Galega si é que esta existía como tal. Para que? Pois para deseñar un proxecto que permitira "revalorizala" e que as persoas xordas e todas aquelas outras que queiran usar a lingua de signos o poidan facer na lingua de signos propia de Galicia, sen desbotar ningunha outra.

O achegamento a esta realidade sociolingüística descubriunos un contexto moi influenciado polas políticas lingüísticas deseñadas e impulsadas desde unha concepción centralista e estatal das mesmas que en certa medida choca co espírito constitucional de descentralización administrativa e recoñecemento das culturas e linguas propias de cada territorio. A potenciación en exclusiva da *Lingua de Signos Española*, que non españolas (como consagra a Lei 27/2007) é xa un fenómeno que produce situacións de asimilación e diglosia que ocasionan de facto a desaparición do que se podería chamar Lingua de Signos Galega.

Sabemos hoxe, na voz de expertas científicas sobre as linguas de signos, que a LSG é unha realidade, que existe, que non hai que creala. Segundo elas, hai que "recompoñela", recoller o que queda dela antes de que desaparezan os informantes da mesma e revitalizala.

Recoñecemos que non toda a Comunidade Xorda e Signante está por esta labor. Necesítase dun compromiso por parte de todas elas de traballar a prol da recuperación dun patrimonio cultural singular que é propio da lingua e da cultura galega, a cal enriquece.

A lei 27/2007 supuxo un cambio na concepción das linguas signantes, situándoas no ámbito sociolingüístico e cultural coas consecuencias que disto se derivan, entre as que destacan sobre todas as demais: a creación e potenciación dunha identidade propia como comunidade xorda; o cal no noso caso sería coma comunidade xorda/signante galega. A proposta do seu desenvolvemento regulamentario, máis de 10 anos despois, exalta a Lingua de Signos Española.

En Galicia, a pesares das recentes iniciativas no Parlamento de Galicia por parte do BNG¹⁸ reclamando o recoñecemento legal da LSG e rexeitadas pola maioría da Cámara co argumento de "*que non hai demanda social*" segundo a versión da FAXPG que así o declarou, como as investigacións publicadas evidencian, que non están pola labor e que a súa misión é a de promocionar e defender a Lingua de Signos Española. Esta situación é en certa maneira contraditoria, xa que habendo unha lingua de signos propia de Galicia, a interpretación faise desde a LSE. A revitalización da LSG é un problema principalmente político, xa que desde o punto de vista lingüístico (que é o punto de vista científico) sábese como lograr o seu fortalecemento.



No noso contexto científico-universitario contamos con importantes investigadoras sobre as linguas de signos, destacando a Universidade de Vigo coa Facultade de Filoloxía e Tradución e dentro dela o Grupo de Investigación Griles, entre outros. Así que temos a ciencia e as metodoloxías e tecnoloxías necesarias para afrontar con éxito a revitalización da LSG.

Destacamos a importancia e a calidade da tese defendida pola Doutora Cristina González Abelaira (2018) na que describe a historia da Lingua de Signos Galega entre outros aspectos salientables relacionados co sistema educativo e a planificación lingüística en Galicia. É hoxe a única referencia científica directa e especializada sobre a LSG.

O descoñecemento da poboación en xeral, das dificultades comunicativas das persoas xordas e sobre as linguas de signos é un aspecto que hai que mellorar para que a LSG e as outras linguas de signos sexan socialmente recoñecidas e valoradas como o que son.

Recomendamos revisar e reaxustar o proxecto que XOGA e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA queren desenvolver **para revitalizar a LSG**. Os criterios que aportamos pasan por as seguintes claves:

- Débese tratar dun proxecto gradual, por fases.
- A primeira fase debe ser puramente científica. Deberíase conformar un grupo de traballo multidisciplinar e interuniversitario para afrontar entre outras a conformación científica do corpus lingüístico.
- Este equipo estaría formado por: quen designe a propia deputación de Pontevedra, a Universidade de Vigo (grupo GRILES) e a Universidade de Santiago de Compostela (grupo ESCULCA). Eles definirán en detalle cada ámbito de desenvolvemento do proxecto.
- A esta fase haina que dotar de recursos suficientes, valorados en non menos de 150.000 euros. Esta financiación debера ser pública e artellada a través dun convenio institucional plurianual.
- O proxecto debe coordinarse en dous niveis. Un de tipo interinstitucional, que ao noso xuízo deberíase ofrecer se fora o caso, á única investigadora que tratou directamente o fenómeno da LSG: **Cristina González Abelaira**.
- Por outro lado e a nivel científico constituiríase un equipo científico interuniversitario con representantes dos grupos de investigación anteriormente mencionados.
- En seguintes fases, debería desenvolverse os aspectos pedagóxicos. Para elo e coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, en concreto co grupo ESCULCA (<https://www.usc.es/esculca/>), que é o

grupo de referencia competitiva do Sistema Galego de I+D+i, para conformar os aspectos socioeducativos, sociofamiliares e formativos para poñer en funcionamento a LSG. O instrumento sería outro convenio que podería asinarse en colaboración con outras administracións (Deputación da Coruña, ...)

- Non se deben descoidar os aspectos de comunicación social. Faise necesario comezar a difundir a importancia das linguas de signos en xeral e da lingua de signos galega en particular. Unha campaña de comunicación sostida no tempo sería a clave.
- A acción política e institucional non se debe desbotar. Hai que implicar a cantas máis institucións e organizacións sociais e políticas mellor. Sen confundir defender a LSG con ideoloxías específicas. Debe ser a revitalización da LSG un compromiso de cantos máis mellor para non perder este patrimonio cultural galego.
- O proxecto redefinido debe avaliarse. Fixar fitos e facer un seguimento continuo apoiando e resolvendo necesidades é a clave do éxito para acadar as finalidades propostas.

BIBLIOGRAFÍA

- Báez Montero, I., & Cabeza Pereiro, C. (2003). El censo lingüístico de una lengua signada. EnC. Cabeza Pereiro, X. Rodríguez Yáñez, & A. Lorenzo Suárez, *Actas do I Simposio Internacional sobre bilingüismo 1997*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Ballestín, B., & Fábregues, S. (2018). *La práctica de la investigación cualitativa en ciencias sociales y de la educación*. Barcelona: UOC.
- Belda Pérez-Pedrero, E. (maio-agosto de 2016). Las lenguas de signos españolas: su necesaria presencia en el debate social y doctrinal sobre la reforma de la constitución española. *Revista de Derecho Político* (96), 87-120.
- Caamaño Hermida, A. (2008). Limiar. As nosas mans. *Revista da Lingua de Signos en Galego* (04), 3.
- Caamaño Hermida, A. (2008). Limiar. As nosas mans. *Revista da Lingua de Signos en Galego* (03), 3.
- Cabeza Pereiro, C., & Eijo Santos, F. (2018). Lenguas de signos en el estado español: estatus y territorialidad. *Estudios de Lingüística Galega* (10), 27-39. doi:<http://dx.doi.org/10.15304/elg.10.4348>
- Cabeza Pereiro, C., & Ramallo, F. (2016). Lenguas de signos y educación en España. Una aproximación desde la comunidad sorda. *Language Problems & Language Planning*, 40 (1), 1-25. doi:10.1075/lplp.40.1.01cab
- Cabeza Pereiro, M. (2020). *Fundamentos de las lenguas de signos*. Madrid: Síntesis.
- Castaño Calle, R. (Abril de 2010). El reconocimiento de las Lenguas de Signos Españolas como instrumento de comunicación para la comunidad de personas sordas. *HEKADEMOS. Revista Educativa Digital* (5), 23-44. Recuperado el 12 de Xullo de 2021
- Delgado Montoto, J. (2008). Lingua de signos: recoñecemento dun dereito. *EDUGA* (52), 24-27.
- Estaban Sáiz, M^a Luz (Dtra.). (2003). *Libro Blanco de la Lengua de Signos Española en el Sistema Educativo*. Madrid: CNSE.
- Esteban, M., & Ramallo, F. (2019). Derechos lingüísticos y comunidad sorda: claves para entender la minorización. *Revista de Estudios de Lenguas de Signos REVLES* (1), 20-52.
- González Abelaira, C. (2016). Historia de la educación de las personas sordas en Galicia: Factores y aspectos determinantes de su educación lingüística. En S. Hunter, S. Izquierdo, & R. Muñoz, *Perspectivas lingüísticas: enseñanza y adquisición de lenguas*. Murcia: Editum. doi:<https://doi.org/10.6018/editum.2710>
- González Abelaira, C. (2016). Unha lingua de signos galega? *Estudios de Lingüística Galega* (8), 89-106. doi:<http://dx.doi.org/10.15304/elg.8.3065>
- González Abelaira, C. (2018). *Planificación lingüística de la lengua de signos en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Galicia* (Tese Doutoral). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Gras Ferrer, V. (2006). *La comunidad sorda como comunidad lingüística: panorama sociolingüístico de la/s lenguas de signos en España*. Tesis doctoral, Universitat de Barcelona, Barcelona.
- Jarque, M.-J. (2012). Las lenguas de signos: su estudio científico y reconocimiento legal. *Anuari de Filología. Estudés de Lingüística*, 2 (2012), 33-48.

- Lei 17/2010, de 3 de xuño, da lingua de signos catalá. (s.f.). (BOE de 28 de xuño).
- Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecenas linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas. (s.f.). (BOE de 24 de outubro).
- Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das mulleres e homes con discapacidade. (s.f.). (BOE de 3 de decembro).
- Lei orgánica 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Cataluña. (s.f.). (BOE de 20 de xullo).
- McMillan, J., & Schumacher, S. (2005). *Investigación educativa*. Madrid: Pearson Educación.
- Morales López, E. (2000). La lingüística de la lengua de signos: perspectiva histórica. En C. Hernández Sacristán, & M. (. Veyrat Rigalt, *Lenguaje, cuerpo y cultura* (págs. 125-142). Valencia: Universidad de Valencia.
- Morales López, E. (2008). La lengua de signos como vehículo de comunicación y de capital simbólico. En Á. Massip, *Llengua i identitat* (págs. 29-36). Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Morales López, E., Aliaga Emetrio, D., Alonso Rodriguez, J., Boldú Menasanch, R., Gras Ferrer, V., & Garrusta Ribes, J. (2002). Las personas sordas en comunidades orales bilingües: el caso de las personas sordas en Barcelona. En C. e. Lucal, *Turn-taking, fingerspelling, and contact in signed languages* (págs. 107-155). Washington DC.: Gallaudet University Press.
- Morin, L. (1975). *Los charlatanes de la nueva pedagogía*. Barcelona: Herder.
- Muñoz-Baell, I., Ruiz-Cantero, M., Álvarez-Dardet, C., Ferreiro-Iago, E., & Aroca-Fernández, E. (2011). Comunidades sordas: ¿pacientes o ciudadanas? *Gaceta Sanitaria*, 25(1), 72- 78.
- NACIONES UNIDAS. (2018). *Resolución 72/161, Día Internacional de las Lenguas de Señas*.
- Pantoja Vallejo, A. (2015). *Manual básico para la realización de tesinas, tesis y trabajos de investigación*. Madrid: EOS.
- Rodríguez, M. L., & LLanes, J. (. (2015). *El trabajo de fin de máster. Fases para su elaboración y sugerencias para evaluarlo*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Storch de Gracia y Asensio, J. (2006). Derecho a la información y discapacidad. Una reflexión aplicada a los lenguajes de sordos. *Revista General de Información y Documentación*, 16(1), 75-103.
- Touriñán López, J. (2016). *Pedagogía general. Principios de educación y principios de intervención pedagógica*. A Coruña: Bello y Martínez.
- Velázquez Velázquez, R. (2010). Aproximación sociolingüística a las lenguas de signos a través de la realidad catalana. *Cartaphilus. Revista de Investigación y Crítica Estética*, 7-8, 239- 254.
- XOGA. (2021). *Memoria do proxecto "Lingua de Signos Galega, LSG"*. Proxecto, XOGA - Organización de Diversidade Sensorial de Galicia, Pontevedra.

ANEXOS

1. Informe para o "Recoñecemento da lingua de signos galega. Proposta de creación dun corpus lingüístico". Grupo de Investigación de lingua de signos española e linguas de signos (<http://griles.webs.uvigo.es/index.html>)
2. Estrutura da Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñece as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas

Anexo 1

Informe para o "Recoñecemento da lingua de signos galega. Proposta de creación dun corpus lingüístico".



Recoñecemento da lingua de signos galega

Proposta de creación dun corpus lingüístico

Presentación

Dende o Grupo de Investigación en Lingua Española e Linguas de Signos da Universidade de Vigo (GRILES) asumimos o reto de desenvolver o corpus de referencia da lingua de signos española (LSE): Corpus Interuniversitario Anotado da Lingua de Signos Española (CORALSE) e estamos dispostas a elaborar o corpus da lingua de signos galega (LSG) e presentar os datos recollidos, xerados e tratados durante a investigación en acceso aberto para o uso da comunidade investigadora.

Para a súa elaboración, tomaremos como referencia os corpus existentes noutras linguas de signos e a nosa propia experiencia previa na lingüística do corpus da lingua oral e de signos. As características máis relevantes do noso corpus e o deseño das probas que o compoñen poden consultarse en Báez Montero et al. (2008, 2010, 2016, 2017, 2020).

Un corpus constitúe unha ferramenta esencial para estudos lingüísticos, base de todo progreso no coñecemento. Segundo Guillermo Rojo (2014) un corpus lingüístico é

“Un conjunto de fragmentos de textos orales o escritos producidos en condiciones naturales conjuntamente representativos de una lengua o una variedad lingüística en su totalidad o en alguno de sus componentes que se almacenan en formato electrónico y se codifican con la intención de que puedan ser analizados científicamente (Rojo, 2014 pág. 371)”

Elaborar un corpus lingüístico non consiste na simple agregación de textos con orixes diferentes agrupados para construír un recurso de maior ou menor volume, senón dun conxunto estruturado elaborado de forma sistemática, organizado dun xeito determinado e cunha determinada relación cuantitativa precisa entre subcorpus que o compoñen.

Polo tanto, un corpus lingüístico, independentemente da lingua implicada, é sempre unha tarefa complexa que require un deseño minucioso se o que queremos é obter mostras que aseguren a representatividade dunha comunidade de falantes.

Un corpus lingüístico

Debe estar composto de textos producidos en situacións naturais, xerados coa intención real de comunicar algo, representativos dunha lingua ou variedade lingüística nun momento determinado da súa historia ou durante un período determinado.

Deberá conter un número suficiente de textos de distinto tipo en formato electrónico. Aínda que conceptualmente se poida pensar que o formato electrónico non é un trazo constitutivo da definición de corpus, a realidade é que só se poden manexar e posuír ese carácter.

Os textos que compoñen un corpus deberán estar codificados de forma que sexa posible a recuperación selectiva da información. A análise científica dun corpus aumenta considerablemente as súas posibilidades e os textos que o integran tamén cuando foron sometidos a un proceso de anotación lingüística.

O corpus de lingua de signos galega

En Galicia, o feito de contar con colexios específicos de xordos fixo que moitos xordos adultos aprenderán a lingua de sinais neles e que adquirisen e divulgasen sinais propios dun centro ou outro, feito que lle aporta variedade léxica á lingua; tamén o sexo é unha variable esencial. Temos constancia de que en Galicia, nestes colexios de xordos, homes e mulleres empregaban algúns sinais diferentes. Estes contactos continuaron logo coa creación das asociacións de xordos que serviron como vehículo da socialización comezada nas escolas. En Galicia existen Asociacións nas sete cidades principais da Comunidade Autónoma e a súa colaboración é importante para seleccionar informantes para o corpus.

A elaboración dun corpus de referencia da lingua de sinais galega (LSG) permitirá garantir a descrición e a análise da LSG e afrontar accións de recoñecemento da lingua e da súa comunidade de falantes. Os datos que poidan xurdir deste corpus permitirán elaborar accións de Política lingüística para recoñecer a lingua, describirla e para definir o territorio do dominio lingüístico da LSG. Asimesmo, os traballos que poidan xurdir do corpus tamén permitirán unha mellor formación de profesionais da LSG (profesorado, intérpretes, mediadores) e a elaboración de materiais descritivos e didácticos da lingua. Estes aspectos son moi relevantes á hora de elaborar un corpus.

No caso das linguas de signos, a súa condición de linguas non gráficas, minorizadas e historicamente minorizadas converte a tarefa de elaborar un corpus lingüístico nunha ferramenta esencial para a súa descrición dende o punto de vista lingüístico e sociolingüístico, polo que a súa elaboración é, especialmente complexo e require dedicación, traballo colaborativo e profundo coñecemento da realidade lingüística e social da comunidade xorda galega así como das técnicas de investigación lingüística de corpus e tratamento de datos.

Que podemos obter do corpus da Lingua de signos galega (LSG)

Un corpus lingüístico é unha ferramenta fundamental para avanzar no recoñecemento e no coñecemento lingüístico da lingua de sinais falada en Galicia. Neste caso trátase dunha lingua minoritaria, dunha comunidade cun patrimonio lingüístico e cultural específico, e a elaboración dun primeiro corpus de referencia e anotado permitirá garantir a descrición e a análise da lingua, ademais de converterse nunha condición indispensable para desenvolver accións normalizadoras que poidan servir para conformar unha visión global da lingua e da súa comunidade de falantes.

A finalidade é ofrecer os datos lingüísticos e sociolingüísticos necesarios para poder estudar e analizar a situación lingüística da comunidade xorda de Galicia e obter así conclusións sobre a lingua de signos galega.

Pretendemos obter conclusións lingüísticas a partir dun corpus lingüístico tecnolóxico, representativo e con portabilidade, é dicir, que contribúa á supervivencia da lingua, sexa accesible e respecte na medida do posible a confidencialidade dos participantes para ofrecer aos futuros usuarios todas as informacións necesarias.

Os datos obtidos constituirán unha base de datos que seguirá as premisas dos datos da FAIR¹, é dicir, **F** (Find) *atopables*, **A** (Accesible) *accesibles* **I**- (Interoperable) *interoperables* e **R** (Reutilizables) *reutilizables*.

Os datos e metadatos do corpus da LSG poderán ser reutilizados por outros investigadores porque conterán multitude de atributos precisos e relevantes, estarán asociados a información sobre a súa orixe e seguen os estándares relevantes empregados pola comunidade asinante de Galicia.

Fases do proceso de elaboración do corpus da LSG

Na fase de deseño deste corpus diferenciamos:

1. **Determinación dos parámetros e objetivos básicos do corpus como son:**
 - a) Seleccionar una mostra representativa da lingua en uso por parte da súa comunidade lingüística. Esta mostra debería servirmos tamén para estudar a variación sociolingüística, tan importante nas comunidades lingüísticas minoritarias. Esta mostra obterase a través de probas deseñadas para
 - b) Seleccionar una mostra representativa da comunidade xorda signante. Non temos un censo de signantes de LSG, non todas as persoas xordas son signantes nativas e precisamos ter mostras de todas as partes do territorio, tanto urbanas como rurais.
 - c) Seleccionar unha serie de variables demográficas: sexo, idade, lugar de residencia e colexio no que estudaron e a idade de adquisición da lingua. Os participantes serán seleccionados segundo estas variables; estableceranse tres franxas de idade, xa que estas determinan o tipo de colexio ao que acudiron os xordos ben específico ben de integración ou bilingüe, grabarase en parellas, tentando manter un equilibrio de xénero, e priorizarase a signantes nativos prelocutivos.

¹ Datos da FAIR, é dicir:

F.- Find (*Atopables*): Os datos e metadatos poderán ser atopados pola comunidade despois da súa publicación, mediante ferramentas de busca asignarémolles un carácter único e persistente, identificador dos datos e metadatos, describiremos os datos con metadatos de forma ordenada, rexistraremos e indexaremos os datos e metadatos nun recurso de busca e especificaremos nos metadatos o identificador dos datos que se describen.

A.- Accesible (*Accesibles*): Os datos e metadatos serán accesibles e poderán ser descargados por outros investigadores utilizando os seus identificadores e procedementos de autenticación e autorización. É dicir, poderán ser recuperados polos seus identificadores a través de protocolos de comunicación normalizados, os protocolos serán abertos, gratuítos e de implantación universal.

I.- Interoperable (*Interoperables*) Tanto os datos como os metadatos deben ser descritos seguindo as normas da comunidade, utilizando estándares abertos, para permitir o seu intercambio e reutilización, deben utilizar vocabularios que sigan os principios FAIR, unha linguaxe formal, accesible, compartible e amplamente aplicable para representar o coñecemento incluíndo referencias cualificadas a outros datos ou metadatos

R.- Reutilizable (*Reutilizables*) Os datos e metadatos poden ser reutilizados por outros investigadores porque conteñen multitude de atributos precisos e relevantes, están asociados a información sobre a súa orixe e seguen os estándares relevantes empregados pola comunidade asinante de Galicia.

Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas Signadas da Universidade de Vigo (GRILES)

2. **Recollida** para documentar mostras lingüísticas en distintos ámbitos, tendo en conta as particularidades das
 - a) **Variables** específicas da comunidade xorda galega, como a idade de adquisición da lingua ou o tipo de escolarización, e as variables imprescindibles para reflectir a variedade de calquera lingua, idade, xénero, materias, etc. co fin de obter información sociolingüística pertinente e obter mostras de lingua visoxestual, tanto diatópica como diacrónica, diafásica e diastrática representativa de todo o territorio de Galicia co obxectivo de permitir ou non o recoñecemento da lingua.
 - b) **Gravacións**, habería que establecer un número mínimo de informantes, que supoña unha mostra representativa dos signantes galegos, tendo mostras de todas as franxas de idade en cada un dos puntos de grabación.
 - a. As sesións deberían ser moderadas por un colaborador xordo que forme parte do grupo de persoas xordas e ointes, fluentes en LS, que se ocupe das gravacións.
 - b. Os participantes serán filmados en parellas, da mesma franxa de idade e de sexos opostos. En canto a cuestión técnica destas gravacións, é preciso gravar cunha cámara enfocada a cada un dos participantes e outra central que grava a produción signada de ambos os dous.
 - c. Os programas que se van a empregar para a recollida e o tratamento de datos e sobre o almacenamento destes datos, feito que implica o traballo con ferramentas informáticas e con técnicos especializados, que aseguren unha boa análise dos datos e a inmanencia de testemuños signados.
 - d. **Transcrición**, anotación e análise dos datos obtidos relacionados cos informantes e a comunidade xorda así como coas mostras lingüísticas.
3. **Poñer a disposición** os datos lingüísticos e sociolingüísticos, salvagardando o anonimato dos informantes e seguindo as premisas das boas prácticas (principios FAIR Findable, Accessible, Interoperable e Reusable) para a publicación de datos científicos, considerados actualmente como a principal produción da investigación científica, sendo necesaria a súa publicación e reutilización para garantir a súa validez, a súa reproducibilidade e dar lugar a novas análises e descubrimentos.

Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas signadas da Universidade de Vigo (GRILES)

Vigo, outubro 2021

Anexo 2

Estrutura da Lei 27/2007

Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñece as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas

Limiar

Título Preliminar

Artigo 1. Obxecto da lei

Artigo 2. Dereito á aprendizaxe, o coñecemento e uso das linguas de signos españolas e dos medios de apoio á comunicación oral

Artigo 3. Efectos da Lei Artigo 4. Definicións Artigo 5. Principios xerais

Artigo 6. Ámbito de aplicación

TÍTULO I: Aprendizaxe, coñecemento e uso das linguas de signos españolas

CAPÍTULO I: Aprendizaxe e coñecemento das linguas de signos españolas Artigo 7. Da aprendizaxe na Formación Regrada

Artigo 8. Da aprendizaxe na Formación Non Regrada

CAPÍTULO II: Uso das linguas de signos españolas

Artigo 9. Obxecto

Artigo 10. Acceso aos bens e servizos a disposición do público Artigo 11. Transportes

Artigo 12. Relacións coas Administracións Públicas Artigo 13. Participación política

Artigo 14 Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información Artigo 15. Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española

TÍTULO II: Aprendizaxe, coñecemento e usos dos medios de apoio á comunicación oral

CAPÍTULO I: Aprendizaxe e coñecemento dos medios de apoio á comunicación oral Artigo 16. Da aprendizaxe na Formación Regrada

Artigo 17. Da aprendizaxe na Formación Non Regrada

CAPÍTULO II: Uso dos medios de apoio á comunicación oral Artigo 18. Obxecto

Artigo 19. Acceso aos bens e servizos a disposición do público

Artigo 20. Transportes

Artigo 21. Relacións coas Administracións Públicas

Artigo 22. Participación política

Artigo 23. Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información

Artigo 24. Centro Español do Subtitulado e a Audiodescrición

Disposición adicional primeira. Comisión de Seguimento da Lei

Disposición adicional segunda. Garantías de dotación estrutural Disposición adicional terceira. Garantías xurídicas

Disposición adicional cuarta. Réxime transitorio da situación dos intérpretes e profesionais das linguas de signos españolas

Disposición adicional quinta. Profesionais das linguas de signos

Disposición adicional sexta. Atención á xordoegueira

Disposición adicional sétima. Axudas técnicas á audición

Disposición derradeira única. Derrogación normativa

Disposición final primeira. Carácter básico da Lei

Disposición final segunda. Supletoriedade da Lei 51/2003, de 2 de decembro

Disposición final cuarta. Facultades de execución e desenvolvemento Disposición final quinta. Aplicación da Lei

Disposición final sexta. Entrada en vigor





Organización de Diversidade Sensorial de Galicia

